

CURSO 2022-2023

PROGRAMACIÓN

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

IES ARMANDO

PROGRAMACIÓN

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

CURSO 2022-23

MEMBROS DO DEPARTAMENTO, HORAS, GRUPOS E MATERIA IMPARTIDA

Membros	Horas	Grupos	Materia
Araújo García, Marina	20	ESA 1º y 2º Bacharelato adultos Literatura universal adultos	Ámbito comunicativo ESA e titoría Lingua castelá e Literatura Bacharelato adultos Literatura universal réxime adultos
Chapela Rozas, María de los Dolores	20	1º ESO A/B/C/D 3º ESO C/D RE (EX Fr 2º ESO E)	Lingua castelá e Literatura Titoría 1º ESO
Pereira Castaño, M.^a José	19	2º Bach B 4º ESO A/B/C/D RE (EX Fr 2º ESO D)	Lingua castelá e Literatura
Pérez Valcárcel, Laura (X.E.)	20	FPB1º-Informática	Ámbito comunicativo
Piñeiro Carballo, M^a Guadalupe	20	2º ESO A/B/C/D/E Tit. 2º ESO B 3º ESO A Pendientes 1º ESO	Lingua castelá e Literatura Titoría 2º ESO
Salgueiro Aguirre, Marta M^a (XD)	20	2º Bach. A/C/D 3º PDC	Ámbito comunicativo e social Lingua castelá e Literatura

Souto Diéguez, Cristina	20	1º Bach. A/B/C/D Lit. Universal 3º ESO B Pendientes 2º ESO	Lingua castelá e Literatura Literatura universal
--------------------------------	-----------	---	---

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

- **SITUACIÓN SOCIO-ECONÓMICA E CULTURAL DO CONTORNO**
- **DATOS DO CENTRO**
- **DEPARTAMENTO DE LCL. MEMBROS.**
- **A MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.**
- **INTRODUCCIÓN.**
- **O ALUMNADO NO CURSO 2016-2017**

2. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

2.1 LCL EN SECUNDARIA OBRIGATORIA

2.1.1 Obxectivos xerais da etapa

2.1.2 Obxectivos xerais da área.

2.1.3 O currículo de LCL en Secundaria. Finalidade e obxectivos xerais.

2.1.4 Contribución da área de LCL á adquisición das Competencias Clave. . 2.1.5 Estructura dos contidos.

2.1.6 Medidas de atención á Diversidade.

2.1.7 Procedementos para a realización da Avaliación inicial.

2.2. ESO

2.2.1 TIL

2.2.2 2ºESO

- Perfil de Área. Estándares. Grao mínimo de logro.
- Perfil Competencial.
- Temporalización e instrumentos de avaliación dos estándares.
- Mecanismos de Avaliación.
- Criterios de cualificación.
- Materiais curriculares e metodoloxía: Libros de texto e lecturas obrigatorias.

2.2.3 4ºESO

- Perfil de Área. Estándares. Grao mínimo de logro.
- Perfil Competencial.
- Temporalización e instrumentos de avaliación dos estándares.
- Mecanismos de Avaliación.
- Criterios de cualificación.
- Materiais curriculares e metodoloxía: Libros de texto e lecturas obrigatorias.

3. BACHARELATO

3.1. Procedementos para acreditar os coñecementos previos

3.2 2ºBACH: LCL

- Perfil de Área. Estándares. Grao mínimo de logro.
- Perfil Competencial.

- Temporalización e instrumentos de avaliación dos estándares.
- Mecanismos de Avaliación.
- Criterios de cualificación.
- Materiais curriculares e metodoloxía: Libros de texto e lecturas obrigatorias.

4. EDUCACIÓN PARA ADULTOS

4.1. 1º e 2º ESA: Ámbito comunicativo

4.2. 2ºBACH: LCL II

5. Reforzo para a recuperación das **MATERIAS PENDENTES** de cursos anteriores

6. Programación da EDUCACIÓN EN VALORES

7. Accións de contribución ao PROXECTO LECTOR

8. Accións de contribución ao PLAN TIC

9. Accións de contribución ao PLAN DE CONVIVENCIA

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

11. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O Instituto de Ensinanza Secundaria *Armando Cotarelo Valledor* comeza a funcionar no curso 1992/93, como desdobre do Instituto de F.P. Fermín Bouza Brey do que se traslada a rama administrativa-comercial e a de secretariado para este novo centro.

Introdúcese tamén o 3º curso da ESO e dous grupos de 2º de BUP que non tiñan cabida nos outros centros de E.M. da Vila.

A matrícula nese primeiro curso ronda os 500 alumnos e alumnas -na actualidade achégase aos 900- e vai medrando nos cursos seguintes a pesar de que desaparecen as ensinanzas de BUP e de Secretariado.

O 3º curso da ESO dá paso ao 4º curso e posteriormente aos bacharelatos de *Ciencias da Natureza e da Saúde* e de *Humanidades e Ciencias Sociais* e tamén aos Ciclos Formativos da L.O.X.S.E.

Durante o primeiro curso de vida do Centro adóptase o nome de INSTITUTO ARMANDO COTARELO VALLEDOR.

Os centros adscritos dos que procede a maioría do noso alumnado son os de Vilaxoán e Rubiáns, aínda que tamén se acollen alumnos/as doutros centros da vila.

SITUACIÓN SOCIO-ECONÓMICA E CULTURAL DO CONTORNO

O Centro atópase situado na parroquia de Sobradelo do concello de Vilagarcía de Arousa, nunha zona limítrofe entre Sobradelo e Vilaxoán.

O nivel de vida da poboación é de tipo medio sendo escasos os alumnos e alumnas que esperan acceder a estudos universitarios.

Das declaracións do noso alumnado nas súas solicitudes de matrícula dedúcese que a Renda Media oscila entre os 600 e 1000 €.

As principais actividades económicas do contorno son:

- Pesca e marisqueo.
- Agricultura.

- Hostalería.
- Conserva.
- Acuicultura (parques flotantes de mexillóns e ostras, cetarias e depuradoras).
- Traballo no 2º sector.

Polo que se refire ao nivel cultural do entorno familiar no que se desenvolve o noso alumnado, constatamos que é baixo: os pais e nais dos nosos rapaces e rapazas non accederon a estudos medios e nalgúns casos non completaron os estudos primarios.

Algúns problemas que non podemos obviar como Centro de ensino, son os seguintes:

- A elevada taxa de desemprego existente na comarca, así como o escaso tecido industrial.
- A influencia que exerce sobre o noso alumnado o chamado "diñeiro fácil".
- O prestixio social do que gozan, entre algúns dos nosos rapaces e rapazas, certas persoas que fixeron unha fortuna por medio de actividades delituosas.
- A valoración negativa que existe sobre a posibilidade de acceder ao mundo laboral en condicións minimamente dignas (ou que, xunto coas poucas expectativas de continuar estudos superiores, é fonte dunha gran desmotivación).
- O escaso –nalgúns casos nulo- hábito de estudo e mesmo de lectura do noso alumnado.
- A gran cantidade de accidentes de tráfico que afectan a adolescentes da zona.

Respecto da lingua, cabe dicir que o alumnado, maioritariamente, exprésase en castelán, aínda que no entorno familiar a lingua máis empregada é o galego.

DATOS DO CENTRO

Datos xerais:

- Nome: IES Armando Cotarelo Valledor

- Tipo: Centro público dependente da Consellería de Educación.
- Enderezo: R/ Armando Cotarelo Valledor, 4 – 6. CP 36611 – Sobrado – Vilagarcía de Arousa.
- Teléfono: 986 512 311 – Fax: 986 512 655
- Correo electrónico: ies.cotarelo.vilagarcia@edu.xunta.es
- Páxina web: [http:// centros.edu.xunta.es/iesarmandocotarelo/](http://centros.edu.xunta.es/iesarmandocotarelo/)

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Introdución

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia, non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que

transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergubernamental Europeo "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra banda, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice. E que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito

escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Por tanto, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos; senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras que tamén se abordan na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen

esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que, para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. Todo isto coa finalidade de construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe; de aí que esta capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

Co bloque de "Comunicación oral: escoitar e falar" procúrase que os alumnos e as alumnas vaian adquirindo as habilidades necesarias para comunicar con precisión as súas propias ideas, realizar discursos cada vez máis elaborados de acordo cunha situación comunicativa, e escoitar activamente interpretando de xeito correcto as ideas dos demais.

O bloque de "Comunicación escrita: ler e escribir" persegue que o alumnado sexa capaz de entender e producir textos de distinto grao de complexidade e de xéneros diversos, en distintos soportes e formatos. Comprender un texto implica activar unha serie de estratexias de lectura. Así mesmo, a escritura implica un procedemento estruturado en tres partes: planificación, redacción a partir de borradores de escritura e revisión destes antes de redactar o texto definitivo.

O bloque de "Coñecemento da lingua" responde á necesidade de reflexión sobre os mecanismos lingüísticos que regulan a comunicación, e afástase da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmos para devolverlles a súa funcionalidade orixinal: servir de base para o uso correcto da lingua.

O bloque de "Educación literaria" asume o obxectivo de facer dos/das escolares lectores/as cultos/as e competentes, implicados/as nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. É un marco conceptual que alterna a lectura, a comprensión e a interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madurez cognitiva coa de textos literarios e obras completas representativas da literatura en español.

O ALUMNADO NO CURSO 2022- 2023

Para ver o número de alumnos/as que este curso están matriculados no Centro remítese ao PEC que contén estes datos con detalle.

2. ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO

2.1. LCL EN SECUNDARIA OBRIGATORIA

2.1.1 OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

- a) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e, polo menos, nunha lingua estranxeira; utilizándoas para comunicarse e organizar os propios pensamentos e para reflexionar sobre os procesos implicados no uso da linguaxe.
- b) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, coa finalidade de enriquecer as súas posibilidades de comunicación e reflexionar sobre procesos implicados no seu uso.
- c) Obter e seleccionar información utilizando as fontes nas que habitualmente se atopa dispoñible; tratala de xeito autónomo e crítico, cunha finalidade previamente establecida, e transmitila ós demais de xeito organizado e intelixible.
- d) Elaborar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos do coñecemento e a experiencia, mediante procedementos intuitivos e de razoamento lóxico, contrastándoas e reflexionando sobre o proceso seguido.

- e) Formarse unha imaxe axustada de sí mesmos, das súas características e posibilidades, e desenvolver actividades de forma autónoma e equilibrada, valorando o esforzo e a superación das dificultades.
- f) Relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, rexeitando todo tipo de discriminacións debidas á raza, ó sexo, á clase social, ás crenzas e a outras características individuais, sociais e culturais.
- g) Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos ós dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais e actuar con autonomía e iniciativa na vida activa e adulta.
- h) Coñecer as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio cultural, valoralos críticamente e elixir aquelas opcións que mellor favorezan o seu desenvolvemento integral como persoas.
- i) Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre él teñen as actividades humanas e contribuir activamente á defensa, conservación e mellora do mesmo como elemento determinante da calidade de vida.
- j) Coñecer e valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no seu medio físico e social.
- k) Coñecer e apreciar o patrimonio natural e cultural e contribuir activamente á súa conservación e mellora, entender a diversidade lingüística e cultural coma un dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade e desenvolver unha actitude de interese e respecto hacia o exercicio deste dereito.

l) Coñecer e comprender os aspectos básicos do funcionamento do propio corpo e das consecuencias para a saúde individual e colectiva dos actos e decisións persoais, e valorar os beneficios que supoñen os hábitos do exercicio físico, da hixiene e dunha alimentación equilibrada, así como levar unha vida sana.

2.1.2 OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA

Ó finalizar a educación secundaria obligatoria os alumnos e alumnas terán desenvolvido as capacidades de:

- a) Valorar e estimar as dúas linguas oficiais da nosa Comunidade comprendendo as circunstancias que condicionaron a súa evolución e o seu uso.
- b) Coñecer e analizar a realidade lingüística de España e as relacións entre as diversas linguas, favorecendo unha actitude consciente e repetuosa coa riqueza plurilingüe de España e do contexto europeo.
- c) Comprender diferentes tipos de mensaxes orais e escritos analizando e valorando o seu uso nos diferentes contextos e situacións.
- d) Expresarse oralmente e por escrito con coherencia, corrección, creatividade e adecuación as súas necesidades comunicativas, creando un estilo expresivo propio.
- e) Utilizar armónicamente todos os recursos expresivos, tanto lingüísticos coma non lingüísticos, na comunicación directa con outras persoas.
- f) Utilizar a linguaxe oral e escrita coma un instrumento para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.
- g) Reflexionar sobre os elementos formais e os mecanismos da lingua nos seus planos fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual, e sobre as condicións de produción e recepción das mensaxes en contextos sociais de comunicación, coa finalidade de desenvolver a capacidade para regular as propias producións lingüísticas
- h) Leer con fluidez, comprensión e actitude crítica, disfrutando da lectura como fonte de placer, coñecemento do patrimonio cultural e estímulo para unha práctica literaria propia.
- i) Analizar e interpretar os diferentes usos sociais das linguas, evitando os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos (clasistas, racistas, sexistas, etc.), mediante o recoñecemento do contido ideolóxico da linguaxe.

j) Coñecer e analizar críticamente as linguaxes específicas e as funcións sociais dos medios de comunicación, así coma o seu poder na orientación da opinión pública e os intereses que poden representar.

2.1.3 O CURRÍCULO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA EN SECUNDARIA

Finalidade e obxectivos xerais

A finalidade do ensino da lingua é o progresivo dominio desta, esencial na asimilación da cultura e da apertura ao mundo, e un dos factores que contribúen con maior plenitude á identidade individual e social e, en definitiva, ao desenvolvemento das competencias básicas. O obxectivo da lingua é educar ao alumnado para que desenvolva as competencias que fagan posible que tanto persoal como socialmente sexa capaz de actuar e desenvolverse no seu contorno e construír as bases da cidadanía, do coñecemento do que é a condición humana, da comprensión dos outros.

Obxectivos

Os obxectivos da Lingua castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria marcan unha progresión con respecto aos establecidos para a Educación primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa. Esta progresión supón ampliar a diversidade de prácticas discursivas e facelas máis complexas, acrecentar a importancia do uso da lingua no ámbito académico, subliñar o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios, proporcionar un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e acerca das súas normas de uso, así como a sistematización dos coñecementos lingüísticos explícitos.

Por todo iso, o ensino da Lingua castelá e Literatura nesta nova etapa terán como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.

- Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos distintos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta.
- Coñecer a realidade plurilingüe de España e as variedades do castelán e valorar esta diversidade como unha riqueza cultural.
- Utilizar a lingua oral na actividade social e cultural de forma adecuada ás distintas situacións e funcións, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- Empregar as diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral.
- Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.
- Utilizar con progresiva autonomía e espírito crítico os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, interpretar e avaliar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
- Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo e consolidar hábitos lectores.
- Comprender textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
- Aproximarse ao coñecemento de mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo como un modo de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico- culturais.
- Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
- Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supón xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

2.1.4 CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

A aprendizaxe da materia de Lingua castelá e Literatura, ao ter como meta o desenvolvemento da capacidade para interactuar de forma competente mediante a linguaxe nas diferentes esferas da actividade social, contribúe ao desenvolvemento das competencias seguintes:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL)**

A materia Lingua castelá e Literatura contribúe dun modo decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman esta competencia. Ademais, as habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación, aínda que se adquiren desde un idioma, transfírense e aplícanse á aprendizaxe doutros, o que contribúe, á súa vez, a acrecentar esta competencia sobre o uso da linguaxe en xeral.

- **Competencia para aprender a aprender(CAA)**

A linguaxe, ademais de instrumento de comunicación, é un medio de representación do mundo e está na base do pensamento e do coñecemento. O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente con esta competencia básica. Así mesmo, os contidos de reflexión sobre a lingua recollen un conxunto de saberes conceptuais (metalinguaxe gramatical) e procedementais (capacidade de analizar, contrastar, ampliar e reducir enunciados, substituír elementos dun enunciado, planificar e organizar textos, usar esquemas, diagnosticar erros e reparalos, etc.) que se adquiren en relación coas actividades de comprensión e composición de textos e que se reutilizan para optimizar a aprendizaxe lingüística; é dicir, para aprender a aprender lingua.

- **Sentido de iniciativa y espírito emprendedor (CSIEE)**

Aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e emprender procesos de decisión. Por iso, a adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar na iniciativa persoal e na regulación da propia actividade cunha autonomía gradual.

- **Competencia dixital (CD)**

A materia contribúe ao tratamento da información e competencia dixital ao ter como unha das súas metas proporcionar coñecementos e destrezas para a

procura e selección de información relevante de acordo con diferentes necesidades, así como para a súa reutilización na produción de textos orais e escritos propios. A procura e selección de moitas destas informacións requirirá, por exemplo, o uso adecuado de bibliotecas ou a utilización de Internet; o emprego guiado destas procuras constituirá un medio para o desenvolvemento da competencia dixital. A iso contribúe tamén o feito de que o currículo inclúa o uso de soportes electrónicos na composición de textos, de modo que poidan abordarse máis eficazmente algunhas operacións que interveñen no proceso de escritura (planificación, execución do texto, revisión) e que constitúe un dos contidos básicos desta materia. Tamén pode contribuír ao desenvolvemento desta competencia o uso nesta materia dos novos medios de comunicación dixitais que implican un uso social e colaborativo da escritura e dos coñecementos.

- **Competencia social e cívica (CSC)**

A aprendizaxe da lingua, concebido como desenvolvemento da competencia comunicativa, contribúe decisivamente ao desenvolvemento da competencia social e cívica, entendida como un conxunto de habilidades e destrezas para as relacións, a convivencia, o respecto e o entendemento entre as persoas. En efecto, aprender lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e a aproximarse a outras realidades. Por outra banda, a educación lingüística ten un compoñente estreitamente vinculado con esta competencia: a constatación da variedade dos usos da lingua e a diversidade lingüística e a valoración de todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e de representación. Tamén se contribúe desde esta materia a esta competencia na medida en que se analizan os modos mediante os que a linguaxe transmite e sanciona prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo, co obxecto de contribuír á erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe.

- **Competencia e expresións culturais (CCEC)**

Dentro desta materia, a lectura, interpretación e avaliación das obras literarias contribúen de forma relevante ao desenvolvemento desta competencia, entendida como aproximación a un patrimonio literario e a uns temas recorrentes que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano. A súa contribución será máis relevante en tanto se relacione o aprecio das manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas, como a música, a pintura ou o cine. Tamén se contribúe a esta competencia procurando que o mundo social da literatura (autores, críticos, acceso a bibliotecas, librerías, catálogos ou a presenza do literario na prensa) adquira sentido para o alumnado

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).**

Dentro desta materia contribúese ao desenvolvemento desta competencia na medida en que cando se axuda a desenvolver e interpretar ideas fundamentais de todo tipo de textos , contribúese á adquisición do coñecemento científico e matemático.

2.1.5 ESTRUCTURA DOS CONTIDOS

O eixo do currículo son as habilidades e estratexias para falar, escribir, escoitar e ler en ámbitos significativos da actividade social que se irán exercitando progresivamente ao longo da etapa da ESO. Estas aprendizaxes recóllense en tres bloques de contidos do currículo:

1. Falar, escoitar e conversar
2. Ler e escribir
3. Educación literaria
4. Coñecemento da lingua

Os bloques 1 e 2 de contidos dedicados ás habilidades lingüísticas *Escoitar e falar, Ler e escribir* sitúan estas aprendizaxes en diversos ámbitos de uso da lingua: o das relacións interpersoais e, dentro das institucións, o dos medios de comunicación e o académico. A concreción das habilidades lingüísticas en diferentes ámbitos de uso obedece ao feito de que a comprensión e a composición de textos orais e escritos requiren habilidades e estratexias específicas segundo a clase de intercambio comunicativo, o ámbito social en que este se realiza e a clase de texto que utiliza.

No bloque 3, *A educación literaria*, oriéntase a que se consoliden os hábitos de lectura; a que se amplíen as experiencias nos campos da lectura e a recreación de textos, adecuándoas ás novas necesidades de simbolización da experiencia e da expresión dos sentimentos; a que se sistematicen as observacións sobre as convencións literarias e se estableza, de forma máis sistemática tamén, a relación entre obras e os seus contextos históricos.

O bloque 4, *Coñecemento da lingua*, integra os contidos relacionados coa reflexión sobre a lingua e coa adquisición duns conceptos e dunha terminoloxía gramatical. A presenza deste bloque xustifícase polo feito de que a adquisición das habilidades lingüístico- comunicativas implica o uso reflexivo sobre diferentes aspectos da lingua: a variación e os factores que explican dialectos, rexistros e usos sociais; as formas lingüísticas que indican no texto a presenza dos factores do contexto; os procedementos que contribúen a cohesionar o texto; as diversas posibilidades sintácticas que

son utilizables para expresar un mesmo contido; os procedementos gramaticais para integrar diferentes proposicións nun enunciado cohesionado; os mecanismos para a formación de palabras; a norma gramatical e ortográfica, etc.

A interrelación deste bloque co resto obriga a que a programación das actividades relacionadas co seu contido teña sempre unha xustificación desde o punto de vista da súa relevancia para a mellora das habilidades no uso da lingua.

En síntese, o eixo do currículo na materia Lingua castelá e Literatura son os procedementos encamiñados ao desenvolvemento das habilidades lingüístico- comunicativas, é dicir, para a expresión e comprensión oral e escrita en contextos sociais significativos, así como no ámbito da comunicación literaria. A adquisición e desenvolvemento destas habilidades implica a reflexión sobre os mecanismos de funcionamento da lingua e as súas condicións de uso e a adquisición dunha terminoloxía que permita a comunicación sobre a lingua; así mesmo, a educación literaria implica a aplicación de coñecementos sobre o contexto histórico- social á lectura e interpretación de textos literarios.

2.1.6 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nas primeiras semanas de curso faranse dentro das aulas avaliacións iniciais aos alumnos/as, para poder detectar algún tipo de dificultades que sexan de mención ou tratamento especial, tanto polo propio profesor, como polo Departamento de Orientación.

As medidas de atención á diversidade serán as que se consensúen co Departamento de Orientación en canto a apoios de aula, con reforzos puntuais a cada alumno/a con dificultades.

Cando un alumno/a precise reforzo fora aula, e polo tanto sexa necesario facer unha ACI, esta coordinarase sempre coa Xefa de Departamento de Orientación e seguiranse as pautas que este Departamento dictamine. Neste caso a coordinación do Departamento de Lingua coa profesora de PT será total, para que os resultados sexan óptimos.

En casos puntuais, poderanse facer apoios de aula por outro profesor que non sexa o titular. Estes casos especiais serán posibles só no caso de haber dispoñibilidade horaria dentro do Departamento, algún profesor de programas ARCO, outros departamentos con dispoñibilidade horaria e cando a organización do Centro o posibilite.

Pola tarde realizarase un reforzo para os alumnos/as que teñen pendente a materia de cursos anteriores. Serán 2 horas, unha para 1º ESO e outra para 2º ESO.

Farase un seguimento dentro da aula para os alumnos coa materia pendente e coordinarase o profesor da materia e grupo coa profesora de reforzo da tarde. A avaliación trimestral e final será tamén coordinada coa xefa do Departamento.

Realizarase un seguimento e reforzo dos alumnos repetidores coa finalidade de posibilitar unha avaliación positiva no presente curso.

2.1.7 PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Un dos aspectos máis importantes á hora de programar o curso escolar é sen dúbida o primeiro contacto cos alumnos, o coñecemento do seu nivel real, das súas circunstancias académicas e persoais individuais, do seu grado de compromiso cos estudos, da súa relación cos compañeiros, etc. Para iso, está pensada a avaliación inicial que se debe realizar durante o primeiro mes do curso escolar. Desde o departamento de LCL aténdese esta cuestión dependendo do nivel académico que presenten os distintos grupos.

Desta forma, unha mención aparte merece o 1º curso da ESO, por ser na súa maioría alumnos novos no centro. Neste caso o primeiro achegamento será o realizado cos titor/es do/s curso/s anterior/es de Primaria que nos fan chegar os seus informes a través das distintas reunións coa orientadora do centro e/ou as profesoras de Pedagogía Terapéutica do mesmo.

Para o resto dos cursos, nos serviremos tamén dos informes realizados polos titores dos anos anteriores, a diferenza é que, ó tratarse de alumnos do centro, as maiores dificultades académicas están xa postas no noso coñecemento e tratadas na medida das nosas posibilidades.

Á marxe de todo isto, os diferentes procedementos que realizaremos para a avaliación inicial do noso alumnado serán os que seguen:

- **Lectura comprensiva de textos**, tanto en voz alta (polo que se intentan detectar posibles problemas de pronunciación), como individual (polo que se intentan detectar posibles problemas de comprensión lectora). Esta última se analizará a través de resumos, preguntas sobre o contido do/s textos/s (tanto de forma oral como escrita), etc.
- **Realización de escritos creativos propios de diferentes tipoloxías textuais**, apoiados nun ou varios temas propostos polo profesor ou elixidos por eles mesmos, para comprobar o grado de creatividade, madurez, expresión escrita, caligrafía, ortografía, etc
- **Debates** en clase sobre temas da área e/ou transversais, para comprobar o grado de coñecementos desta materia e doutras realidades do mundo actual e tamén o grado de respecto e relación cos compañeiros, para intentar detectar a tempo posibles problemas de interrelación, tan habituais nesta etapa educativa.
- **Probos de nivel**, baseadas nos mínimos do curso anterior.
- **Traballos en grupo**, para comprobar, por un lado, o grado de compañeirismo, pero tamén, por outro, o grado de capacidade para a búsqueda de información e síntese dos contido básicos na nosa área.

2.2 ESO

2.2.1. TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS (TIL)

Durante curso 2018-19 os XD dos Departamentos de Lingua galega e Lingua castelá estiveron a desenvolver o TIL . O proxecto levouse a cabo de maneira experimental durante o curso 2019-20 e de maneira formal durante o curso 2020-21, polo que se incorpora en ámbalas programacións para a súa posta en práctica. Durante o curso 2021-22 seguirase traballando no proxecto que quedou interrompido o ano anterior pola pandemia COVID. O proxecto aplícase en tódolos cursos dado a continuidade dos conceptos básicos recollidos nos anexos. A finais de cada trimestre farase unha avaliación

do mesmo e verase en que medida se levou a cabo a coordinación. Corrixíranse posibles erros que serán incorporados paulatinamente ao documento orixinal.

Neste curso a coordinación TIL será extendida ao resto das linguas , aínda que xa no primeiro ano se fixeran reunións de coordinación.

O Tratamento Integrado de Linguas (TIL)

O Tratamento Integrado de Linguas (TIL) consiste na elaboración dunha programación didáctica consensuada para as diferentes linguas presentes nun centro, previa coordinación por parte do profesorado de todas as linguas. Dita programación debe partir de presupostos accesibles ao alumnado e dunha metodoloxía común. O seu principal obxectivo é unificar terminoloxía, consensuar estratexias, facilitar as transferencias lingüísticas entre idiomas e, en definitiva, mellorar a calidade do proceso de ensino-aprendizaxe.

Xustificación legal

Aínda que a idea de interdisciplinabilidade se mencionaba en leis anteriores, non foi ata a entrada en vigor da LOMCE, cando o Ministerio publicou unha Orde que recoñecía a importancia das Competencias Clave e o Decreto polo que se establecía o currículo de ESO e Bacharelato. Nel mencionábase a necesidade do Tratamento Integrado de Linguas nos preámbulos das materias lingüísticas, seguindo as pautas marcadas pola Unión Europea desde 2001. A Consellaría de Educación adaptou esa Orde e publicou un Decreto e unhas Instrucións para dar cumprimento á nova lexislación, decreto que recolle importantes cambios relacionados coas linguas.

Cambios metodolóxicos

Apóstase por unha aprendizaxe das distintas linguas establecidas no currículo de xeito integrado, e que dea continuidade ao proceso de fomento do interese por outras linguas e culturas distintas da propia, ademais de promover o respecto cara ás persoas falantes desas linguas.

Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

No desenvolvemento dese decreto e desas instrucións indícase que moitas destas medidas deberán ser incluídas no Proxecto Lingüístico de centro e, entre outras cuestións, deberán incluír:

1. acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas
2. acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar
3. acordos sobre o tratamento que se lles dará aos contidos
4. acordos sobre os criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística
5. acordos para evitar a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua

Os métodos docentes deberán favorecer a motivación por aprender no alumnado, polo que o profesorado deberá ser quen de xerar neles curiosidade e a necesidade de adquirir coñecementos, habilidades e valores. O profesorado debe procurar:

1. que o alumnado comprenda o que aprende
2. que o alumnado saiba para que aprende
3. que o alumnado sexa capaz de usar / aplicar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.

Para acadar estes obxectivos é necesario adaptar a metodoloxía tradicional de ensino nas aulas, sendo o enfoque comunicativo o método máis axeitado para o ensino de linguas.

O TIL e o Proxecto Lingüístico de Centro

No antedito decreto salientase que o Tratamento Integrado de Linguas está intimamente vencellado ao Proxecto Lingüístico de Centro, que necesariamente ha de ser un documento elaborado e coordinado polo profesorado de diferentes linguas. O PLC ten que reflectir a realidade lingüística de profesorado e alumnado para tomala como punto de partida no plan de actuación.

O TIL, aínda que coordinado polos Departamentos de Linguas, non debe limitarse a estes departamentos. Este método didáctico debe estar presente nos contidos de todas as materias que transcorran durante o horario lectivo, de xeito transversal.. Porén, para lograr este ambicioso obxectivo, parece conveniente partir da súa aplicación nas aulas de linguas.

Que ensinar e como ensinar?

Do mesmo xeito que describimos mudanzas na metodoloxía e a finalidade do ensino de linguas mudan, polo que tamén será necesario adaptar os contidos. As actividades deben buscar a intercomprensión das linguas da mesma familia e a transferencia de coñecementos. A súa organización debe partir, novamente, do traballo colaborativo entre o profesorado do centro, que integrarán os obxectivos. Así, o alumnado acadará a competencia

comunicativa (para o emprego da lingua en diferentes contextos de comunicación) plurilingüe e policultural. Para iso, nas clases deben estar presentes as linguas do centro, as dos alumnos e alumnas e aquelas descoñecidas que se pretenden ensinar.

- 1 **Probas escritas: 80%** Realizaranse unha ou dúas probas escritas de avaliación de contidos por trimestre, se a duración do mesmo o permite. Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos. Ademais dos coñecementos lingüísticos e literarios, valorarase aspectos como a precisión nas respostas, a coherencia e a cohesión no discurso, a puntuación... Nestas probas preguntárase, ademais, sobre contidos teóricos relacionados coa obra de lectura obrigatoria. Establecerase unha penalización polas faltas de ortografía cometidas, descontándose 0'25 puntos por cada unha delas, 0'1 puntos por cada error de acentuación, 0'25 puntos por erros de expresión e 0'5 puntos por unha inadecuada presentación, ata un máximo de 2 puntos.

- 1 **Avaliación do libro de lectura** (entre os seleccionados pola ABAU). En cada proba trimestral farase unha pregunta dun dos libros de lectura obrigatoria dentro dun ou dos dous exames dependendo dos libros que foran traballados ata o momento. Esta lectura será valorada co **20% do total da nota da proba.**

- 2 **Textos obrigatorios: 20%** Estes textos poderán ser realizados tanto na aula, en hora de clase, como na casa. Os prazos indicados pola profesora serán de obrigado cumprimento, polo que non se recollerán tarefas fóra de prazo. A profesora levará un control dos exercicios e das actividades propostas (comentarios de texto, resumos, presentacións orais...).

Considerarase **aprobada cada avaliación** cando o alumno obteña unha cualificación **igual ou superior a 5 puntos**.

Os alumnos cunha cualificación **inferior a 5 puntos** deberán facer a **recuperación** dos contidos correspondentes a cada unha das avaliacións suspensas **no mes de maio**, antes da avaliación ordinaria.

Polo que respecta **á cualificación da avaliación ordinaria**, a nota final da materia será a **media aritmética das tres avaliacións**. Considerarase superada a materia cando se obteña unha nota igual ou superior a 5.

Os alumnos que non superen a materia en maio poderán realizar en xuño os exames da **avaliación extraordinaria**, que terán como contidos os mínimos do curso, engadindo as lecturas obrigatorias. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Queda totalmente prohibido o uso de calquera mecanismo que poda inducir a copiar nun exame (chuletas, móbiles, reloxos intelixentes, pinganillos...) e o plaxio nos traballos presentados. Cando isto sexa detectado quedarán anulados automaticamente estes exames e/ou traballos, tendo o alumno/a que repetilos con posterioridade.

MATERIAIS CURRICULARES

MATERIAIS IMPRESOS

- Material realizado polo docente (apuntes, esquemas...).
- Material da biblioteca: tanto lecturas literarias como libros de consulta (diccionarios, enciclopedias, gramáticas...).
- Textos concretos para traballar os contidos das unidades didácticas.
- Libros de lectura obrigatoria seleccionados polo comité central.
- Material complementario de reforzo e ampliación.

MATERIAIS AUDIOVISUAIS

- Películas e adaptacións cinematográficas de novelas ou obras teatrais.
- Proxección de materiais para traballar a comprensión de textos orais.

Lecturas obrigatorias (seleccionadas pola ABAU):

1ª Avaliación: *El lector de Julio Verne*, Almudena Grandes.

2ª Avaliación: *Romancero gitano*, Federico García Lorca y *Crónica de una muerte anunciada*, Gabriel García Márquez.

3ª Avaliación: *La Fundación*, Antonio Buero Vallejo.

Ao tratarse de catro liñas de 2º bacharelato, a orde de lectura por trimestres poderá variar en función das necesidades do alumnado.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por sí mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación, e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicación prácticas.

1. CRITERIOS METODOLÓXICOS.

Ao longo do curso seguiranse os seguintes criterios metodolóxicos:

- Adecuación das actividades á madurez do alumnado.
- Diversidade de actividades.
- Integración do aprendido a través da interdisciplinarietà.
- Desenvolvemento das capacidades cognitivas do alumnado.
- Organización e precisión en contidos teóricos e actividades prácticas.
- Aprendizaxe autónoma dos estudantes.

- Secuenciación pautada da aprendizaxe práctica.
- Participación activa do alumnado na aprendizaxe individual e en grupo.
- Fomento do interese pola aprendizaxe.
- Uso funcional da lingua.

2. ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES DIDÁCTICAS.

Entre as estratexias didácticas propostas destacan as seguintes: a lectura, a detección de ideas previas, as explicacións sobre os contidos, a aplicación práctica dos saberes, a aplicación práctica de técnicas de estudo, a análise e a reflexión sobre conceptos, textos ou ideas complexas, a investigación lingüística e literaria, a construción de ideas novas e xuízos críticos...

As actividades que se propoñen para levar a cabo as estratexias didácticas son as seguintes: actividades de identificación, de relación, de clasificación, de organización, de estruturación, de síntese, de análise deductiva e inductiva, de lectura, de comentario, de escritura, de diálogo e debate, de reflexión, de posta en común de ideas, de contextualización, de búsqueda de información, de investigación...

EDUCACIÓN PARA

PERSOAS ADULTAS

4. EDUCACIÓN PARA PERSOAS ADULTAS

4.1 ÁMBITO COMUNICATIVO: 1º E 2º ESA

Introdución

Na educación secundaria obrigatoria para persoas adultas o ámbito de comunicación toma como referente os aspectos básicos do currículo relativos ás materias de Lingua castelá e literatura, Lingua galega e literatura e Primeira lingua estranxeira. Desde este punto de partida, o ámbito de comunicación está orientado de forma fundamental ao desenvolvemento da competencia comunicativa das persoas adultas e, a través de enriquecemento desta, á mellora das súas capacidades intelectuais e afectivas coa finalidade de que lles permita a súa inserción activa e responsable na sociedade e o seu desenvolvemento persoal.

A presente programación, adaptándose ao disposto na Orde do 24 de xuño de 2008 (DOG do 23 de xullo) pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolve os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e relación coas competencias básicas do ámbito de Comunicación da Educación Secundaria de Adultos nos aspectos do currículo correspondentes na ESO ás materias de Lingua castelá e literatura e Lingua galega e literatura. O estudo das dúas linguas faladas en Galicia (e o das súas literaturas) realizarase dunha forma coordinada co obxectivo fundamental de conseguir unha competencia plena en ambas, favorecer unha actitude positiva cara a elas e aforrar esforzos no proceso de ensino-aprendizaxe. Non obstante, iso non significará, evidentemente, esquecer a existencia de aspectos específicos nas dúas linguas, aspectos que deberán ser postos de manifesto para que sexan interiorizados polos alumnos. Por outra banda, a integración das materias lingüísticas nun mesmo ámbito esixirá paralelamente, no plano metalingüístico, o uso dunha terminoloxía común, algo que redundará na simplificación do proceso de ensino-aprendizaxe.

No presente curso 2016/2017 o Departamento de lingua castelá e literatura ten asignada a docencia do Nivel I (Módulos 1 e 2) da ESA nos contidos correspondentes as linguas galega e castelá, polo que esta programación se limitará loxicamente ao tratamento dos aspectos curriculares referentes a este nivel.

Relación do ámbito de Comunicación coas competencias básicas

De maneira evidente, o ámbito da comunicación diríxese de maneira central ao desenvolvemento da *competencia en comunicación lingüística*; unha competencia plurilingüe que se pretende que se manifeste tanto no nivel oral como no escrito e tanto desde o punto de vista "activo" (a produción de textos) como no "pasivo" (comprensión e interpretación dos mesmos).

Ao seren as linguas medios esenciais na transmisión do coñecemento e ferramentas para o establecemento e manifestación de relacións sociais, o ámbito contribúe tamén de forma moi importante ao desenvolvemento doutras competencias básicas.

Así, no que ten que ver coa *competencia social e cidadá*, o ámbito da comunicación, ao traballar con diferentes tipos de textos e de situacións comunicativas, facilita a aproximación crítica á realidade, así como o coñecemento e o exercicio dos valores democráticos e dos dereitos dos cidadáns, permitíndolles desta maneira a súa promoción e integración social. Igualmente a mellora das destrezas lingüísticas, orientadas ao uso da lingua en situacións sociais variadas, permite o desenvolvemento das prácticas sociais de convivencia (participación adecuada en conversas, respecto das normas de cortesía, etc.).

No tocante á *competencia no tratamento da información e competencia dixital*, caben dúas vías de aportacións por parte do noso ámbito. Por unha banda, os alumnos aprenderán a usar ferramentas electrónicas de busca de información (dicionarios, correctores ortográficos, enciclopedias, xornais dixitais, bibliotecas virtuais, etc.). Pero por outra parte, e tanto se son usadas como fontes de información as novas tecnoloxías ou os medios tradicionais, o traballo continuado cos textos e a súa análise ha redundar nunha maior competencia á hora de seleccionar, organizar, sintetizar e analizar criticamente a información atopada.

O contacto cos textos literarios (orais ou escritos), tanto os creados orixinalmente nas linguas obxecto de estudo, como os traducidos a estas, permitirá comprender, apreciar e valorar estes tipos de textos, paso previo ao desfrute dos mesmos, contribuíndo deste modo ao desenvolvemento da *competencia artística e cultural*.

Dado que a linguaxe participa de maneira central en todos os procesos humanos de organización, transmisión e interpretación de información, así como na estruturación do pensamento, a mellora na competencia lingüística favorece un maior control sobre os procesos de aprendizaxe contribuíndo deste modo ao enriquecemento da *competencia para aprender a aprender*.

Por último, a *autonomía*, como eixe central no proceso de aprendizaxe, e a *iniciativa persoal* promóvense desde o ámbito de comunicación, por exemplo, co contacto activo e continuo con distintos tipos de situacións comunicativas que esixen a acción do alumno (p.e. participación en distintos tipos de conversas ou creación de textos escritos con diversas finalidades), coa lectura de obras literarias que estimulen e fomenten a creatividade, co uso progresivamente autónomo dos

medios de comunicación social, co uso das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) para obter, seleccionar e valorar a información, coa actitude crítica ante a información e as mensaxes publicitarias, ou co fomento da autoestima lingüística a partir dunha reflexión sobre a situación social das dúas linguas faladas en Galicia.

Obxectivos xerais

1. Coñecer, respectar e valorar a realidade plurilingüe e cultural de España e do mundo comprendendo e sabendo recoñecer as situacións de contacto lingüístico e os seus efectos nas linguas e nas sociedades.
2. Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que condicionan o seu uso actualmente, de xeito que se estea en disposición de superar posibles prexuízos lingüísticos.
3. Entender discursos orais e escritos nas linguas galega e castelá nos diversos contextos da actividade sociocultural, persoal e académica; e interpretalos cunha actitude crítica.
4. Desenvolver, nas linguas galega e castelá, a capacidade de construír un discurso oral e escrito coherente, creativo e adecuado aos distintos tipos de situacións comunicativas, integrando recursos expresivos lingüísticos e non lingüísticos.
5. Adquirir conceptos metalingüísticos xerais e reflexionar sobre os elementos e mecanismos das linguas nos niveis fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual.
6. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre as linguas e as normas do uso lingüístico para tomar consciencia dos propios sentimentos e ideas e favorecer o control da propia conduta.
7. Adquirir as habilidades, actitudes e coñecementos necesarios que favorezan utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, seleccionar, valorar e presentar información relacionada coa vida cotiá, académica e laboral.
8. Coñecer e empregar as normas socioculturais que regulan a comunicación nos diferentes contextos, evitando estereotipos e prexuízos lingüísticos de todo tipo.
9. Desenvolver os coñecementos, hábitos, habilidades e actitudes que fan posible a lectura de textos literarios, en galego e en castelán, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do patrimonio cultural.

10. Adquirir as habilidades, as actitudes e os coñecementos necesarios para unha interpretación crítica das mensaxes dos medios de comunicación de masas e da publicidade.

Metodoloxía e materiais

a) Aspectos metodolóxicos

Partirase dunha concepción práctica da competencia comunicativa, entendida como a capacidade de uso do idioma, incluíndo por tanto subcompetencias lingüísticas, sociolingüísticas e pragmáticas. Nas actividades propostas o alumnado terá que enfrontarse, en consecuencia, a tarefas que implicarán sempre o uso coherente e adecuado das linguas, tanto na dimensión oral como na escrita, e tanto desde unha perspectiva creativa (produción de textos) como interpretativa (comprensión de textos), en diversos tipos de situacións comunicativas. A aula será concibida como o espazo onde se dean situacións comunicativas reais ou simuladas, pero en calquera caso enriquecedoras e, na medida do posible estimulantes, en que o alumnado participe. O profesor será o presentador, impulsor e avaliador das actividades comunicativas. A súa función será a de orientar, animar, prestar a súa experiencia e aconsellar, pero serán os alumnos os que deberán asumir a responsabilidade da súa aprendizaxe, colaborando cos demais alumnos do grupo e co profesor para conseguir os obxectivos propostos e desenvolver a súa capacidade de aprendizaxe autónoma. O alumno converterase en protagonista da súa aprendizaxe e terá un papel activo na aula valorando as propias necesidades e dificultades, solicitando axuda e avaliando reflexivamente os seus progresos. Dese xeito, fomentárase tamén a autonomía do alumnado. En coherencia co exposto, daráselle un maior peso na avaliación ao uso coherente, correcto e adecuado das linguas ca ao coñecemento dos seus elementos e mecanismos formais, se ben se pretende tamén que o alumnado adquira certa competencia metalingüística en relación ás linguas galega e castelá.

As actividades didácticas terán como núcleo de acción a creación, a interpretación e a transformación de textos de tipo variado, literarios e non literarios, cotiás e académicos, orais e escritos. A revisión de aspectos metalingüísticos (conceptos gramaticais, normas ortográficas, etc.) partirá sempre de exemplificacións significativas e se dirixirá á súa rendibilización práctica priorizando así os aspectos procedementais (saber facer, saber recoñecer) sobre os conceptuais (saber definir). Con carácter xeral reduciranse as explicacións "teóricas" sendo substituídas por inferencias de conceptos guiadas a partir da análise dos fenómenos ilustrados nos textos.

Prestarase unha especial atención, xa desde o comezo do curso, á diversidade do alumnado, preparando sempre que sexa necesario material adicional de reforzo e/ou ampliación segundo a situación do alumno en canto a nivel de coñecementos previos, capacidade e interese.

Concederáselle un papel central aos contidos actitudinais coa fin de propiciar actitudes positivas cara ás dúas linguas faladas en Galicia e ás súas variantes, desenvolvendo no alumnado o respecto pola riqueza lingüística da nosa comunidade e polos falantes das dúas linguas.

Nas sesións de clase utilizaranse alternativamente o galego e o castelán segundo as actividades desenvolvidas. Tratarase de que ao cabo da semana o tempo dedicado a cada unha das linguas sexa similar. Cando se traten aspectos relacionados especificamente cunha das dúas linguas (aspectos de reflexión gramatical ou de literatura desa lingua) utilizarase a lingua correspondente. Nos demais casos (actividades de desenvolvemento da competencia comunicativa, análise de obras literarias doutras literaturas, uso das TIC, etc.) utilizarase unha das dúas linguas respectando o principio de alternancia equilibrada antes citado.

Nas actividades, consonte cos obxectivos propostos, utilizaranse distintos tipos de materiais, tradicionais e dixitais, orais e escritos, impresos e audiovisuais, pertencentes tamén a diversos ámbitos (vida cotiá, ámbito académico, medios de comunicación...), sempre coa fin de facer a aprendizaxe relevante, útil, significativa e directamente conectada coa experiencia e as necesidades do alumnado adulto. Habitualmente o profesor repartirá aos alumnos fotocopias con textos e actividades para realizar sobre os mesmos. Boa parte destes materiais se corresponden coas unidades didácticas para a educación secundaria de adultos presencial elaboradas pola Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación educativa da Xunta de Galicia que se poden atopar nas páxinas electrónicas da devandita Dirección Xeral. Ademais, empregaranse fotocopias de calquera outro material que sirva para complementar ou reforzar a adquisición dos contidos, nalgúns casos procedentes de libros de textos dos primeiros cursos da ESO, noutros casos de elaboración propia, etc.

b) Recursos e materiais curriculares

- Unidades didácticas para a educación de adultos (educación secundaria), da Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, educación e Ordenación Universitaria.
- Obras de consulta (dicionarios, enciclopedias...) en soporte tradicional ou dixital.
- Lecturas cuatrimestrais.
- Materiais informáticos e dixitais: procesador de textos, páxinas web, actividades en liña...

- Lecturas complementarias; actividades de reforzo e/ou de ampliación; material para o desenvolvemento das competencias; fichas de autoavaliación e Adaptación curricular, de ser precisa.

Avaliación e cualificación

Co fin de garantir que o rendemento académico sexa valorado conforme criterios de transparencia, na primeira quincena de cada cuadrimestre o profesorado informará ao alumnado sobre os seus aspectos máis relevantes: os obxectivos, os contidos e os criterios metodolóxicos, así como os criterios de avaliación. Ademais da información transmitida oralmente, o profesor proporcionará ao alumnado unha folla co resume dos contidos de cada módulo e os criterios de cualificación.

No inicio do módulo levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado coa fin de constatar o seu nivel de coñecementos previos, a diversidade interna do grupo e a necesidade de adaptar os contidos propostos ou a metodoloxía empregada de acordo coas posibles carencias e a heteroxeneidade competencial observada, algo que será unha constante ao longo do curso. Igualmente, a avaliación inicial pretende conseguir a activación por parte dos alumnos dos seus coñecementos previos.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Realizaranse en cada módulo como mínimo dúas probas escritas, unha á finalización de cada un dos bloques en que os módulos se dividen. As probas escritas serán anunciadas cunha antelación mínima dunha semana.

En cada módulo serán propostas dúas obras de lectura. A avaliación destas lecturas poderá realizarse por medio dun traballo escrito ou a través dun exame específico.

Observarase o traballo diario dos alumnos, tanto o realizado na aula como o que se mande facer na casa (deberes). A este respecto, proporanse algunhas actividades (comentarios guiado de textos sinxelos, exposicións breves sobre temas de actualidade, actividades sobre os contidos gramaticais, análise de textos xornalísticos...) para seren recollidas polo profesor, que as cualificará.

Os alumnos/as deberán ter ao día e a disposición do profesor os materiais de traballo (cadernos, fichas, etc.). Estes poderán ser requiridos para seren avaliados en calquera momento que o profesor o decida.

Criterios de avaliación

Aparecen especificados máis adiante nesta programación, para cada un dos bloques dos módulos I e II.

Criterios de cualificación e promoción

Cualificación do módulo

A cualificación do alumnado tomará en consideración, en cada un dos bloques:

- A cualificación da proba escrita (ou a media aritmética das cualificacións se se fai máis dunha proba escrita). Esta cualificación computará como o 60% da nota final do bloque.
- O traballo diario do alumno, tanto na aula como na casa: actividades desenvolvidas na aula, actividades propostas para resolver na casa e/ou pequenos traballos monográficos para entregar ao profesor, etc. (20% da nota final).
- A cualificación da proba (traballo ou exame específico) da lectura cuadrimestral adscrita ao bloque. (20% nota).
- A actitude e o comportamento na aula: atención, interese, participación, etc. As conclusións extraídas trala análise dos mesmos permitirán ao profesor axustar a puntuación final, redondear a nota, sumando, ou non (segundo o caso), as décimas necesarias ata o número enteiro máis próximo á cualificación obtida polo alumno.
- Ademáis, e co obxecto de impulsar e potenciar o hábito lector como elemento integrador dos obxectivos propostos nesta programación, ofrecerase ó alumnado un programa de lecturas voluntarias ó cal se poderá acoller para sumar puntos extras de cara á avaliación (ata 1,5 puntos en cada módulo). As lecturas seleccionadas para dito programa serán escollidas, esencialmente de entre os fondos con que conta a biblioteca do centro.

Penalizacións:

- Prestarase unha especial atención á adecuación, coherencia, corrección e boa presentación dos textos escritos e orais elaborados polos alumnos. Os defectos nestes aspectos suporán unha redución da nota do correspondente traballo ou proba escrita. Por cada falta de ortografía (incluíndo a acentuación) poderase descontar 0,1 puntos, ata un máximo de dous puntos (cando os erros sexas xeneralizados e constantes) en cada traballo ou proba.

- Aquelas actividades nas que se detecte a reprodución total ou parcial de calquera tipo de fonte ou das respostas doutro alumno serán cualificadas cun cero. Do mesmo xeito, calquera tipo de actividades fraudulenta nun exame suporá o suspenso automático da proba cun cero.

Para superar o módulo será preciso obter unha cualificación positiva nos dous bloques de que consta.

Recuperacións

Realizaranse dúas probas escritas de recuperación por módulo (unha para cada un dos bloques). En cada módulo, a proba de recuperación do primeiro bloque realizarase antes de que se fagan probas escritas correspondentes ao segundo bloque. A recuperación do segundo bloque realizarase ao final do módulo. As probas de recuperación terán por obxecto comprobar se o alumnado adquiriu os contidos mínimos esixibles.

Probas extraordinarias

O alumnado que non supere a avaliación final do módulo 1 (primeiro cuadrimestre) poderá realizar no mes de maio, nas datas que a Xefatura de Estudos determine, unha proba escrita de avaliación extraordinaria. Igualmente, o alumnado que non supere a avaliación final ordinaria do módulo 2 (segundo cuadrimestre) poderá realizar unha proba escrita de avaliación extraordinaria. Estas probas extraordinarias irán sempre referidas aos contidos mínimos esixibles para cada módulo.

Perda do dereito de avaliación continua

A falta de asistencia reiterada as actividades de formación é motivo de perda do dereito de asistencia a clase e de avaliación continua nos seguintes casos:

- Nun ámbito, cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 10% do cómputo total de horas establecido para ese ámbito no cuadrimestre.
- En todos os ámbitos, cando o número de faltas sen xustificar supere o 10% do horario total establecido nese cuadrimestre para todos os ámbitos nos que estea matriculado.

Ao alumnado que perda o dereito á avaliación continua informaráselle da posibilidade de trasladar a matrícula para cursar a educación secundaria a distancia.

Obxectivos, contidos e criterios de avaliación nos diferentes módulos

Preséntanse de seguido os obxectivos, contidos e criterios de avaliación específicos correspondentes a cada un dos módulos do Nivel I da ESA. Cada un dos módulos aparece dividido, á súa vez, en dous bloques. Dado que cada módulo se desenvolve ao longo dun cuadrimestre, cada un dos bloques será desenvolvido aproximadamente durante dous meses.

Polo que respecta aos obxectivos, identificamos para cada bloque unha serie de obxectivos *centrais*, entendendo por tales os obxectivos fundamentais no bloque en cuestión, ata certo punto (aínda que non sempre) específicos do mesmo, e que en calquera caso se suman ao conxunto de obxectivos xerais enunciados no inicio desta programación, que son tamén obxectivos de cada un dos bloques e que, en consecuencia, consideramos innecesario volver a citar.

Ademais dos contidos sinalados, para cada módulo será fixada dúas obras de lectura obrigatoria, cuxa lectura e comprensión por parte dos alumnos será tida en conta á hora de avaliar o módulo. Os títulos concretos serán fixados unha vez iniciado o módulo tendo en conta, ademais do seu interese e valor intrínseco, as capacidades e intereses dos alumnos.

Módulo 1:

Bloque 1: somos iguais, somos diferentes. A lingua como vehículo de comunicación e expresión das diferenzas.

Obxectivos centrais

- Recoñecer o poder comunicativo das linguas e os seus distintos usos.
- Reflexionar sobre a realidade sociolingüística galega e entender as consecuencias lingüísticas e sociais do contacto entre galego e castelán en Galicia.
- Valorar o patrimonio lingüístico de Galicia
- Recoñecer e rexeitar todo tipo de prexuízos lingüísticos.

Contidos

1. Comunicación oral: falar, escoitar e conversar

- Comprensión de textos orais dos medios de comunicación, de situacións da vida cotiá e do ámbito académico.
- Articulación clara, pronuncia adecuada e uso correcto das regras gramaticais na produción de textos orais curtos nas linguas do ámbito.
- Uso consciente dos elementos paraverbais e non verbais na intervención oral planificada.

- Valoración das linguas como instrumentos para comunicarse e achegarse a persoas doutras culturas.
- Participación activa en diálogos, debates e traballos de grupo cooperando e respectando o resto dos seus compoñentes.
- Esfuerzo e interese no uso da lingua oral.

2. Comunicación escrita. Ler e escribir

- Utilización de estratexias para discriminar as ideas importantes das secundarias e atopar informacións específicas.
- Comprensión de textos propios do ámbito académico (expositivos e explicativos), da vida cotiá (instrucións e normas) e da información dos medios de comunicación (seccións, xéneros).
- Lectura de microrrelatos doutras culturas.
- Uso de estratexias para a planificación da escritura de textos sobre temas de interese persoal: buscar e desenvolver ideas, organizalas, facer unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva tanto en papel como en soporte dixital.
- Interese por coidar a presentación dos textos escritos en soporte papel e dixital con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca do centro e de bibliotecas virtuais.
- Comunicación persoal mediante correspondencia postal ou utilizando medios informáticos (chats, correo electrónico, etc.) nas linguas do ámbito.
- Reflexión crítica con respecto á información dispoñible ante mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación.

3. Coñecemento da lingua

- Elementos e funcións da comunicación en situacións formais e informais.
- Uso reflexivo da puntuación e das normas ortográficas en relación coa cohesión sintáctica.
- Coñecemento das normas básicas da ortografía da palabra, da oración e do texto.
- Observación de diferenzas relevantes, contextuais e formais, entre comunicación oral e escrita e entre os usos coloquiais e formais.
- Identificación e uso das formas lingüísticas da deíxe persoal (pronomes persoais, posesivos e terminacións verbais) en textos orais e escritos como cartas e normas de uso, etc.
- Utilización de estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado.

4. Lingua e sociedade

- Coñecemento xeral da diversidade lingüística no mundo e en España, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Observación da situación sociolingüística e observación dos usos e actitudes no contorno máis próximo (bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico, interferencia) con especial referencia aos prexuízos lingüísticos.
- Recoñecemento e valoración das linguas como instrumento de comunicación na aula e con persoas doutras culturas.
- Coñecemento da nosa lexislación esencial en materia lingüística.
- Recoñecemento dos trazos específicos dos topónimos e os antropónimos.
- Emprego dos diferentes rexistros lingüísticos e coñecemento dos seus usos sociais.

5. A educación literaria

- Introducción aos grandes xéneros literarios a través de lecturas axeitadas.
- Lectura de relatos breves e de fragmentos de obras, pertencentes a culturas diferentes, recoñecendo os elementos do relato literario e a súa funcionalidade.
- Identificación en textos literarios de estereotipos sociais, de xénero, raza, etc.
- Desenvolvemento da autonomía lectora e do aprecio pola literatura como fonte de pracer, de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.

Criterios de avaliación

1. Comprender a idea xeral e a intención comunicativa en textos sinxelos (tanto orais como escritos) nos ámbitos persoal, social e académico. Realizar tarefas guiadas de aprendizaxe seguindo instrucións recibidas.

Este criterio permite avaliar se o alumnado adulto é capaz de comprender e de reproducir, oralmente e por escrito, os feitos fundamentais de mensaxes oídas ou lidas en diversos contextos da vida cotiá (radio, prensa, televisión, mensaxes electrónicas recoñecendo as ideas principais e as secundarias, apoiándose, nos textos escritos, nos seus aspectos tipográficos (tipos de letras, títulos, parágrafos) ou en mecanismos como ao subliñado, esquemas, etc. Tamén permitirá comprobar se é capaz de seguir instrucións para realizar tarefas ou exposicións ordenadas de carácter académico.

2. Realizar narracións, resumos e exposicións de experiencias vividas con claridade, coa estrutura e co rexistro axeitados, tanto de forma oral como por escrito, en soporte papel ou dixital e apoiándose nos medios audiovisuais e nas TIC. Neste caso, prestarase especial atención á planificación, á revisión e ao respecto ás normas gramaticais e ortográficas.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumnado adulto é capaz de narrar e redactar feitos e vivencias próximos á súa experiencia persoal (sentimentos, anécdotas...), académica (traballos, resumos...) e social (cartas, normas, noticias...) de maneira secuenciada, con claridade, coherencia e corrección gramatical e ortográfica. Valorarase especialmente se teñen en conta o contexto, os receptores das súas mensaxes e o uso dos medios audiovisuais e das TIC nas súas producións.

3. Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para mellorar a comprensión de textos orais e escritos e para compoñer e revisar os textos propios deste bloque, tanto en soporte papel como dixital.

Con este criterio trátase de comprobar como o alumnado adulto usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso para mellorar a súa comprensión, composición e revisión de textos. Atenderase especialmente aos mecanismos de conexión (pronomes persoais, posesivos e terminacións verbais), aos da adecuación e da gramaticalidade. En canto ás normas ortográficas, atenderase ás regras xerais de acentuación, ortografía do vocabulario máis usual, usos elementais da coma, do punto e signos do diálogo.

4. Recoñecer a riqueza multicultural e a diversidade lingüística da sociedade actual, especialmente en España e en Galicia, respectalas e valoralas positivamente.

Con este criterio preténdese avaliar o interese despertado no alumnado adulto polo aprecio de hábitos culturais distintos dos seus, o fomento de actitudes de respecto cara aos valores e manifestacións culturais de todo tipo e o recoñecemento da diversidade lingüística como riqueza e reflexo do dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade.

5. Recoñecer en textos orais e escritos diferentes clases de representacións ou expresións que impliquen algunha forma de discriminación lingüística, social, sexual, racial, etc.

Este criterio pretende comprobar se o alumnado adulto é capaz de localizar os usos discriminatorios da lingua presentes en mensaxes orais, escritas e icónico-verbais; que reflexione sobre a práctica persoal e social dalgunha forma de discriminación tanto consciente como inconsciente.

6. Ler fragmentos e obras literarias e usar os coñecementos adquiridos na aula sobre literatura para unha mellor comprensión delas. Expoñer unha opinión persoal sobre a lectura realizada e recoñecer os trazos xerais do xénero a que pertencen.

Este criterio pretende avaliar o uso dos coñecementos adquiridos para unha mellora da competencia lectora no ámbito literario a través da lectura persoal de fragmentos e obras axeitadas ás inquiredanzas e intereses do alumnado adulto. Considerarase a elaboración dunha opinión apropiada atendendo á potencialidade dos trazos temáticos e formais para ampliar o coñecemento do mundo que cadaquén posúe.

7. Identificar e analizar en textos dados os elementos e fenómenos lingüísticos presentados no bloque.

Bloque 2: Ten un correo electrónico. As TIC como medio para buscar, expresar e intercambiar información.

Obxectivos centrais

- Saber atopar, seleccionar, elaborar, valorar, presentar e compartir información mediante o uso das TIC.

Contidos

1. Comunicación oral: falar, escoitar e conversar.

- Coherencia entre comunicación verbal e non verbal na produción dos discursos e presentacións orais.

- Exposición planificada, coa axuda das TIC, de informacións de actualidade e de experiencias e producións propias.

- Comprensión e exposicións de instrucións, ordes e informacións diversas.

- Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas nas linguas do ámbito.

- Utilización de estratexias encamiñadas á realización de tarefas individuais ou en grupo coa utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (uso de correos electrónicos, textos de instrución...)

2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

- Uso de estratexias na lectura para conseguir na lectura a adecuación ao contexto da entoación, o ritmo, as pausas, a énfase, a vocalización e as matizacións de voz e o volume.

- Comprensión de textos dos medios de comunicación, especialmente noticias e crónicas atendendo á estrutura do xornal dixital e aos elementos paratextuais.

- Comprensión, composición e intercambio de textos de instrucións da vida cotiá (prospectos, receitas...), dos medios de comunicación (bandos, edictos...) e do ámbito académico (regulamentos...) empregando as TIC.
- Consulta de páxinas dixitais para obter, expresar e intercambiar informacións, tanto en papel como virtualmente, sobre contidos do módulo.
- Redacción de textos utilizando procesadores de textos: correos electrónicos, intervencións en foros, traballos de carácter académico.
- Comprensión de textos da vida académica atendendo especialmente aos expositivos e de instrución, a consulta de dicionarios e outras fontes de información como webs educativas.

3. Coñecemento da lingua

- Iniciación e uso de dicionarios e de correctores ortográficos dos procesadores de textos.
- Distinción entre palabras flexivas e non flexivas, e recoñecemento das distintas categorías gramaticais e dos mecanismos de formación de palabras (composición e derivación).
- Recoñecemento e uso reflexivo dalgúns conectores textuais e dalgúns mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais (pronomes persoais, posesivos e demostrativos) como léxicos (repeticións, sinónimos e elipses).
- Participación en actividades de avaliación compartida, na avaliación da propia aprendizaxe e uso de estratexias de autocorrección.
- Aplicación de estratexias básicas para inferir, recordar, almacenar e ampliar o vocabulario activo.

4. Lingua e sociedade

- Interese ante as TIC e actitude crítica ante o seu uso.
- Coñecemento da situación das linguas minorizadas e das internacionais, con manexo e interpretación de mapas, táboas, textos e información procedentes dos medios e das tecnoloxías da comunicación.
- Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación física ou virtual con outras persoas.

5. A educación literaria

- Desenvolvemento da autonomía lectora e do aprecio pola literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo.
- Composición de textos en soporte papel e dixital utilizando algunhas das aprendizaxes adquiridas nas lecturas dirixidas.
- Audición e visualización de obras e fragmentos literarios (narracións breves e cancións) en soportes dixitais ou audiovisuais.

- Aproveitamento guiado dos fondos e recursos da biblioteca do centro e de bibliotecas virtuais.
- Consulta de páxinas dixitais sobre talleres literarios e participación neles.

Criterios de avaliación

1. Identificar o tema, as ideas principais e secundarias de diferentes textos, tanto orais como escritos, en soporte papel ou dixital, nos ámbitos persoal, social e académico vinculados á realidade do alumnado adulto. Realizar tarefas de aprendizaxe seguindo instrucións con progresiva autonomía.

Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado adulto é capaz de obter, seleccionar e relacionar mensaxes propias da vida cotiá e do ámbito académico: noticias, crónicas, reportaxes en soporte papel ou dixital; cartas persoais, manuais de instrución, textos expositivos, webs educativas, enciclopedias e dicionarios dixitais.... Tamén se é capaz de facer esquemas ou resumos co contido máis significativo e se segue as normas e instrucións recibidas para a realización de tarefas de aprendizaxe.

2. Realizar exposicións orais sinxelas sobre temas de actualidade e próximos á experiencia do alumnado adulto, coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC.

Con este criterio preténdese observar se o alumnado adulto é capaz de presentar de forma ordenada e clara informacións sobre temas de actualidade e do seu interese, seleccionando o mais importante. Valorarase o uso nas súas exposicións dos apoios que proporcionan as TIC e os medios audiovisuais.

3. Producir textos, en soporte papel ou dixital, sobre temas de actualidade e próximos ao contorno do alumnado, coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC como elementos de autoaprendizaxe. Valorarase o manexo das TIC, a presentación en soporte papel ou dixital, o respecto ás normas ortográficas e tipográficas, e a aplicación da planificación e revisión dos textos.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de producir textos do ámbito persoal (experiencias persoais, rutas de viaxes, cartas, receitas...) e académico (receitas, instrucións, resumos, explicacións e exposicións académicas sinxelas...) usando o rexistro adecuado e unha organización clara do contido. Valorarase o manexo das TIC, a presentación en soporte papel ou dixital, o respecto ás normas ortográficas e tipográficas, e a aplicación da planificación e revisión dos textos.

4. Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para mellorar a comprensión de textos orais e escritos e para compoñer e revisar os textos propios deste bloque, tanto en soporte papel como dixital.

Con este criterio trátase de comprobar como o alumnado adulto usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso para mellorar a súa comprensión, composición e revisión de textos. Atenderase especialmente aos mecanismos de conexión, ás referencias internas de tipo gramatical (pronomes persoais, posesivos e demostrativos) e aos mecanismos de formación das palabras (derivación, composición...). En canto ás normas ortográficas, incidirase no uso dos dicionarios e correctores ortográficos dos procesadores de texto.

5. Recoñecer e comprender a diversidade lingüística do mundo actual a través de informacións obtidas nos medios de comunicación e nas TIC. Con este criterio preténdese avaliar se o alumnado, a través do manexo de mapas, táboas, textos e informacións procedentes das TIC e dos medios de comunicación, recoñece e comprende a diversidade lingüística do mundo actual, con especial referencia ás linguas minorizadas e ás internacionais.

6. Ler, escoitar ou ver con regularidade fragmentos, obras literarias ou adaptacións delas. Usar os coñecementos adquiridos na aula sobre literatura para unha mellor comprensión e desenvolvemento do criterio lector propio que permita ao alumnado adulto seleccionar, tanto en soporte papel como dixital, fragmentos literarios (narracións breves, cancións) e películas, para ser lidos, escoitados ou visionados. Expoñer a opinión persoal sobre eles e recoñecer os trazos xerais do xénero a que pertencen.

Este criterio pretende avaliar o uso dos coñecementos adquiridos non só para unha mellora da competencia lectora no ámbito literario senón tamén para o uso das TIC como fonte para ampliar as súas posibilidades de aprendizaxe e autoaprendizaxe (webs educativas, bibliotecas virtuais...) a través da busca, selección, lectura, audición e visualización de fragmentos e obras axeitadas ás inquiredanzas e intereses do alumnado adulto. Valorarase a elaboración dunha opinión apropiada atendendo á potencialidade dos trazos temáticos e formais das obras para ampliar o coñecemento do mundo que cadaquén posúe.

7. Identificar e analizar en textos dados os elementos e fenómenos lingüísticos presentados no bloque.

Módulo 2:

Bloque 1: a carón do lume. A literatura tradicional e as novas achegas da cultura de masas.

Obxectivos centrais

- Adquirir o gusto pola comunicación oral, o respecto polas normas de interacción no grupo, o aprecio pola literatura tradicional e polas as novas tradicións urbanas e da canción popular da sociedade de masas, reinterpretadas permanentemente a través dos medios de comunicación e das TIC.
- Saber recompilar, elaborar e compartir narracións, poemas, dramatizacións e informacións do campo da literatura popular tradicional e actual.

Contidos

1. Comunicación oral: falar, escoitar e conversar

- Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas en galego e castelán.
- Audición e narración de contos populares de diversas culturas recollidos no contorno do alumnado ou buscados na internet.
- Audición de cancións populares actuais e doutros produtos da cultura da sociedade de masas.
- Uso de estratexias para a exposición planificada, clara e ordenada sobre temas de actualidade, contrastando os diferentes puntos de vista e opinións neles expresados e axudándose dos medios audiovisuais e das TIC.
- Esfuerzo e interese no uso da lingua oral.

2. Comunicación escrita. Ler e escribir

- Comprensión de textos narrativos e argumentativos, textos propios da vida cotiá (disposicións legais e folletos) dos medios de comunicación (editoriais ou columnas) e textos do ámbito académico, en distintos soportes.
- Composición de textos narrativos, argumentativos e da vida cotiá (diarios, blogs, informes sobre tarefas e aprendizaxes...), presentados en distintos soportes.
- Manter comunicación persoal mediante correspondencia postal ou utilizando medios informáticos (chats, correo electrónico, etc) en calquera das linguas do ámbito de comunicación.
- Uso de estratexias para a planificación da escritura de textos: buscar e desenvolver ideas, organizalas, facer unha primeira redacción, corrixir (ortografía, puntuación, coherencia, léxico...) reelaboración do texto e preparación da redacción definitiva, tanto en papel como en soporte dixital.
- Escritura de textos narrativos e argumentativos atendendo ás características deste tipo de textos.

3. Coñecemento da lingua

- Recoñecemento e uso reflexivo dalgúns conectores textuais, como os de orde, os explicativos e os de contraste, e dalgúns mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais (substitucións pronominais) como léxicos, especialmente as elipses e o uso de hiperónimos de significado concreto.

- Identificación e uso das formas de deíxe persoal, temporal e espacial en textos orais e escritos.
- Revisión das normas básicas da ortografía da palabra, da oración e do texto.
- Identificación dos elementos morfolóxicos básicos destas clases de palabras: substantivo, verbo, adxectivo, adverbio e preposición.

4. Lingua e sociedade

- Recoñecemento e aprecio das tecnoloxías que están ao servizo da comunicación así como da función social e cultural que cumpren.
- Utilización da prensa e da televisión como fonte de información, lecer e coñecemento da cultura propia e doutras.
- Recoñecemento dos distintos xéneros informativos e de opinión na prensa escrita, en soporte papel ou dixital, e nos medios audiovisuais: noticia, reportaxe, crónica, editorial, artigo, entrevista etc.

5. A educación literaria

- Narración oral de relatos oídos no contorno ou de relatos de tradición oral localizados en repertorios escritos ou mediante as TIC.
- Audición, contextualización e análise de cancións populares actuais (de grupos, cantautores, etc.) e doutros produtos da cultura popular da sociedade de masas, en todas as linguas do ámbito.
- Lectura de relatos comparando e contrastando os temas e os elementos da historia, formas de inicio, desenvolvemento, desenlaces.
- Diferenciación dos principios subxéneros literarios.
- Identificación da estrutura dun texto literario (partes e relacións entre elas, conectores que as articulan...).

Crterios de avaliación

1. Identificar a idea xeral, a intención comunicativa, o tema e as ideas principais e secundarias en textos sinxelos (tanto orais como escritos) dos ámbitos social e académico. Seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe.

Este criterio permite avaliar se o alumnado adulto é capaz de comprender e de reproducir, oralmente e por escrito, os feitos fundamentais de mensaxes oídas (narracións, poesías de tradición popular, cancións actuais...) ou lidas en diversos contextos da vida cotiá (radio, prensa, televisión, mensaxes electrónicas...) recoñecendo as ideas principais e as secundarias, apoiándose, nos textos escritos, nos seus aspectos tipográficos (tipo de letra, títulos, parágrafos...) ou en

mecanismos como o subliñado, esquemas, etc. Tamén permitirá comprobar se é capaz de seguir instrucións para realizar tarefas (recompilación de material literario tradicional...) ou exposicións ordenadas de carácter académico.

2. Realizar exposicións orais sinxelas sobre temas de actualidade e próximos á experiencia do alumnado adulto, considerando os diversos puntos de vista e coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC.

Con este criterio preténdese observar se o alumnado adulto é capaz de presentar de forma ordenada e clara informacións sobre temas relacionados cos contidos do bloque (exposición planificada e clara sobre temas de actualidade, narración de contos populares de distintas culturas recollidos no contorno ou na internet...), seleccionando o máis relevante e tendo en conta se son capaces de utilizar nas súas exposicións os apoios que proporcionan as TIC e os medios audiovisuais.

3. Realizar narracións, resumos e exposicións de experiencias vividas, con claridade, estrutura e rexistro axeitado, tanto de forma oral como por escrito, en soporte papel ou dixital, coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC, e compartilas con outras persoas a través deses medios. Neste caso, prestarase especial atención á planificación, á revisión, ao respecto ás normas gramaticais e ortográficas, e ao uso dun léxico variado.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumnado adulto é capaz de narrar e redactar feitos e vivencias próximos á súa experiencia persoal (sentimentos, anécdotas...), académica e social (recompilación e presentación de narracións e poemas de carácter popular, textos narrativos, argumentativos, diarios, blogs...) de maneira secuenciada, con claridade, coherencia e corrección gramatical e ortográfica. Valorarase especialmente se teñen en conta o contexto, os receptores das súas mensaxes e o uso dos medios audiovisuais e das TIC nas súas producións e presentacións.

4. Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para mellorar a comprensión de textos orais e escritos e para compoñer e revisar os textos propios deste bloque, tanto en soporte papel como dixital.

Con este criterio trátase de comprobar como o alumnado adulto usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso para mellorar a súa comprensión, composición e revisión de textos. Atenderase especialmente aos mecanismos de conexión (a deíxe persoal, temporal e espacial), ao recoñecemento e uso correcto de elementos morfolóxicos básicos (substantivo, verbo, adxectivo, adverbio e preposición), á adecuación, a gramaticalidade e o respecto ás normas ortográficas sabendo usar os dicionarios e os correctores dos procesadores de textos.

5. Recoñecer en textos orais e escritos diferentes clases de representacións ou expresións que impliquen algunha forma de discriminación lingüística, social, sexual, racial etc.

Este criterio pretende comprobar se o alumnado adulto é capaz de localizar os usos discriminatorios da lingua, presentes en mensaxes orais, escritas e icónico-verbais, especialmente nos produtos da cultura tradicional e da cultura da sociedade de masas; que reflexione sobre a práctica persoal e social dalgunha forma de discriminación tanto consciente como inconsciente.

6. Ler, escoitar ou ver con regularidade fragmentos, obras literarias completas ou adaptacións. Usar os coñecementos adquiridos na aula sobre literatura para unha mellor comprensión e desenvolvemento do criterio propio, que permita ao alumnado adulto recuperar e seleccionar, tanto en soporte papel como dixital, fragmentos literarios (narracións breves, poemas, cancións populares actuais...) para ser lidas e escoitadas na aula. Prestarase especial atención ao esforzo por recuperar e dar a coñecer contos, anécdotas, poemas de carácter popular recollidos no seu contorno e a través das TIC, así como á maneira de expoñer a súa opinión persoal sobre elas.

Este criterio pretende avaliar o uso dos coñecementos adquiridos non só para unha mellora da competencia lectora no ámbito literario senón tamén para o uso das TIC como fonte para ampliar as súas posibilidades de aprendizaxe e autoaprendizaxe (manexo de gravadores e reprodutores en distintos soportes, uso de programas de creación audiovisual, webs educativas...) a través da busca, recuperación, lectura e audición de obras de carácter popular recollidas, non só do seu entorno senón tamén noutras culturas. Valorarase o uso que o alumnado faga dos medios audiovisuais e das TIC nos seus traballos e a elaboración dunha opinión apropiada, atendendo á capacidade que teñen os trazos temáticos e formais das obras para ampliar o coñecemento do mundo que posúe.

7. Identificar e analizar en textos dados os elementos e fenómenos lingüísticos presentados no bloque.

Bloque 2: nun lugar desta aula. A linguaxe literaria.

Obxectivos centrais

- Recoñecer a literatura como sistema especial de comunicación.
- Comprender e saber interpretar mensaxes escritas de certo grao de complexidade.
- Mostrar aprecio pola escoita e lectura de textos literarios.
- Fortalecer o espírito crítico ante os contidos dos textos.

- Saber recoñecer nos textos literarios os gustos e ideas das sociedades e as épocas nas que son creados.

Contidos

1. Comunicación oral: falar, escoitar e conversar

- Participación respectuosa e responsable en situacións de comunicación oral (diálogos, debates, coloquios...).
- Exposición de experiencias e argumentos de carácter persoal e descrición dos personaxes de textos lidos ou vistos en películas ou documentais.
- Actitude crítica ante os usos orais que supoñen discriminación social, racial, sexual ou de calquera outro tipo.

2. Comunicación escrita. Ler e escribir

- Uso de estratexias para discriminar as ideas importantes das secundarias e así atopar as informacións significativas.
- Comprensión de textos descritivos propios da vida cotiá, dos medios de comunicación, (noticias, documentais...) e do ámbito académico en distintos soportes.
- Compoñer textos facendo descrições físicas e psicolóxicas de personaxes.
- Uso de procedementos para compoñer os enunciados con estilo cohesionado, especialmente mediante a inserción de expresións explicativas e de construcións de participio e de xerundio.
- Composición de textos de intención literaria utilizando algunhas das aprendizaxes adquiridas nas lecturas.
- Interese por coidar a presentación dos textos escritos en soporte papel e dixital.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca do centro, das do contorno e de bibliotecas virtuais.

3. Coñecemento da lingua

- Revisión dos elementos morfolóxicos básicos: substantivo, verbo, adxectivo, adverbio e preposición.
- Emprego axeitado dos tempos verbais en cada unha das linguas do ámbito.
- Recoñecemento do funcionamento sintáctico do verbo, identificando o suxeito e os complementos. Utilización dunha terminoloxía sintáctica básica.

- Recoñecemento dos distintos tipos de oracións simples.
- Aplicación de estratexias básicas para inferir, recordar, almacenar e ampliar o vocabulario activo.

4. Lingua e sociedade

- Interese pola consulta das fontes de documentación escrita e dixital nas tarefas de aprendizaxe.
- Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación física ou virtual con outras persoas.
- Coñecemento dos acontecementos culturais diversos de tipo histórico, aspectos xeográficos ou literarios dos lugares onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferentes medios (biblioteca, internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación).

5. A educación literaria

- Revisión dos principais xéneros e subxéneros literarios a través de lecturas comentadas.
- Lectura, audición e/ou visualización de obras e fragmentos significativos da literatura narrativa galega e castelá.
- Lectura dramatizada e comentada de poemas e obras teatrais breves, recoñecendo os recursos empregados nelas (onomatopea, anáfora, metáfora, entre outras).
- Identificación dos elementos fundamentais do relato literario (personaxes, acción, espazo, tempo...).
- Uso de estratexias para a comprensión das relacións entre cine e literatura: visualización de películas, contextualización, identificación dos seus elementos narrativos, lingüísticos e formais.

Criterios de avaliación

1. Identificar o tema, as ideas principais e as secundarias de diferentes textos, tanto orais como escritos, en soporte papel ou dixital, dos ámbitos social e académico vinculados á realidade do alumnado adulto. Realizar tarefas de aprendizaxe seguindo instrucións con progresiva autonomía.

Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado é capaz de comprender e relacionar mensaxes propias da vida cotiá (cartas, descrición de persoas, sentimentos....) e do ámbito académico, especialmente do literario (noticias, documentais, textos descritivos e dos medios de comunicación, webs

educativas, enciclopedias...) en soporte papel ou dixital. Tamén se é capaz de esquematizar e resumir o seu contido máis significativo e se segue as normas e instrucións recibidas para a realización de tarefas de aprendizaxe.

2. Realizar exposicións orais sinxelas sobre temas de actualidade e próximos á experiencia do alumnado adulto, coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC.

Con este criterio preténdese observar se o alumnado adulto é capaz de presentar de forma clara e ordenada informacións sobre temas de actualidade e do seu interese, seleccionando o mais importante. Valorarase o uso nas súas exposicións do apoio que proporcionan as TIC e os medios audiovisuais.

3. Compoñer textos, en soporte papel ou dixital, tomando como modelos textos literarios ou realizar algunhas transformacións neses textos.

Avaliarase a capacidade para recrear ou imitar poemas ou relatos utilizando determinados recursos como a rima ou o ritmo ou realizando algunha transformación neles. Terase en conta, máis que a calidade literaria das producións, a utilización dos coñecementos adquiridos e o uso de pasos propios do proceso (planificación, escritura do texto, revisión).

4. Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para mellorar a comprensión de textos orais e escritos e para compoñer e revisar os textos propios deste bloque, tanto en soporte papel como dixital.

Con este criterio trátase de comprobar como o alumnado adulto usa a reflexión sobre a lingua e a literatura e as normas de uso para mellorar a súa comprensión, composición e revisión de textos. Atenderase especialmente aos mecanismos de conexión (a deíxe persoal, temporal e espacial), ao recoñecemento e uso correcto dos recursos literarios básicos (onomatopea, anáfora, metáfora...) e ao emprego axeitado dos tempos verbais en todas as linguas do ámbito. En canto ás normas ortográficas, revisaranse as regras xerais de acentuación e a ortografía do vocabulario máis usual, priorizando o uso dos dicionarios e correctores ortográficos dos procesadores de texto.

5. Aplicar os coñecementos literarios adquiridos para mellorar a comprensión e a valoración de fragmentos e obras lidos ou localizados a través das TIC. Valorarase especialmente a identificación dos temas e motivos da tradición literaria e a capacidade para situar as obras lidas dentro do xénero correspondente.

Con este criterio preténdese avaliar se o alumnado adulto comprende e valora textos representativos a partir de comentarios realizados na aula. Porase especial atención na identificación do xénero ou subxénero, na comprensión do tema, na identificación dos personaxes e no tratamento do espazo e do tempo. Tamén se valorará a competencia para localizar e seleccionar fragmentos de obras literarias adaptados aos intereses do alumnado adulto.

6. Identificar e analizar en textos dados os elementos e fenómenos lingüísticos presentados no bloque.

Temporalización dos bloques propostos

Con carácter xeral, impartiranse as ensinanzas do módulo 1 da ensinanza secundaria para persoas adultas no primeiro cuadrimestre de curso (setembro-febreiro), mentres que no segundo cuadrimestre (febreiro-xuño) impartirase o módulo 2, a razón de 6 sesións semanais.

Contidos mínimos

Considéranse contidos mínimos deste nivel da ensinanza para as persoas adultas os seguintes:

Módulo 1:

- Participación activa en diálogos sobre diversos temas utilizando a lingua oral de forma apropiada e correcta, respectando as normas do diálogo e empregado o rexistro adecuado á situación comunicativa.
- Creación de textos escritos coherentes, correctos (con respecto das normas de ortografía e puntuación), adecuados e ben presentados, tanto en soporte papel como en formato dixital.
- Comprensión e creación de textos do ámbito cotiá, dos medios de comunicación e do ámbito académico, en especial os de tipo instrutivo e expositivo.
- Establecemento do tema de textos distinguindo entre ideas principais e ideas secundarias. Resumo de textos sintetizando as informacións máis relevantes.
- Utilización autónoma da biblioteca do centro e de bibliotecas virtuais buscando e localizando informacións nelas.
- Uso do correo electrónico e do chat.
- O plurilingüismo. A situación lingüística e sociolingüística de de España. A situación legal e social das linguas en Galicia: bilingüismo, diglosia, interferencias.
- Identificación de estereotipos sociais, raciais, sexuais, etc. en textos e establecemento dunha actitude crítica ante os mesmos.
- Recoñecemento dos principais xéneros literarios.
- Lectura e comentario de relatos breves de diversas culturas. - Consulta de páxinas web para buscar e seleccionar información.
- Uso de dicionarios en soporte papel e electrónico.

- A flexión. Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais.
- A formación de palabras. Identificación e análise básica de palabras simples, derivadas e compostas.

Módulo 2:

- Participación activa en diálogos sobre diversos temas utilizando a lingua oral de forma apropiada e correcta, respectando as normas do diálogo e empregado o rexistro adecuado á situación comunicativa.
- Creación de textos escritos coherentes, correctos (con respecto das normas de ortografía e puntuación), adecuados e ben presentados, tanto en soporte papel como en formato dixital, fundamentalmente de tipo narrativo, descritivo e expositivo.
- Establecemento do tema de textos distinguindo entre ideas principais e ideas secundarias. Resumo de textos sintetizando as informacións máis relevantes.
- Comprensión de textos, orais e escritos, especialmente de tipo narrativo e argumentativo, do ámbito cotiá, dos medios de comunicación e do ámbito académico.
- Actitude crítica ante os usos lingüísticos que supoñen algún tipo de discriminación.
- Análise dos xéneros informativos e de opinión na prensa escrita e nos medios de comunicación en xeral.
- Recoñecemento e uso dos procedementos cohesivos na creación de textos.
- Identificación e uso de procedementos deícticos.
- Recoñecemento das clases de palabras e das súas principais categorías morfolóxicas.
- Identificación dos tempos verbais e uso adecuado dos mesmos.
- Diferenciación dos principais xéneros e subxéneros literarios.
- Identificación dos principais trazos estruturais e formais do relato como subxénero narrativo.
- Lectura e análise de contos populares e outros relatos.
- Audición e análise de cancións populares (de grupos, cantautores, etc.) actuais.

Ambas as dúas (galego e castelán).

Temas transversais

Os temas transversais serán tratados a partir da análise dos contidos dos diferentes tipos de textos cos que se traballe na clase, en especial os procedentes dos medios de comunicación. Así, o consumo responsable, a igualdade, a saúde, a afectividade e a sexualidade, a seguridade viaria ou o coidado do medio ambiente son temas con grande presenza nos textos xornalísticos, tanto de tipo informativo como argumentativo, aos que se prestará atención.

Medidas de atención á diversidade

Se no proceso de avaliación se observa en calquera momento que o progreso da persoa adulta non responde aos obxectivos programados, tanto por carencias nos coñecementos previos como por dificultade para adquirir novos coñecementos, o profesor tomará as medidas de reforzo educativo ou de adaptación curricular que proceda, o que implicará o uso de actividades e materiais específicos que faciliten a adquisición da aprendizaxe, o recurso a explicacións individualizadas...

Do mesmo xeito, e en sentido inverso, o profesor estimulará, propoñendo actividades individuais específicas de ampliación, o progreso daqueles alumnos que demostren facilidade na adquisición dos contidos propostos: propostas de lecturas adicionais, de visita de páxinas web, de elaboración de traballos, etc.

4.2. 2º BACH (AD): LCLII

A Programación será a mesma que en diurno , pero establécense as seguintes diferenzas:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E MECANISMOS DE AVALIACIÓN

A cualificación de cada avaliación responderá ás seguintes porcentaxes:

1. Probas escritas: 80%

Realizaranse unha ou dúas probas escritas de avaliación de contidos por trimestre se a duración do mesmo o permite, que poderá ocupar máis dunha sesión de clase. Este exame valorarase de 0 a 10 puntos e o 70% aplicarase sobre a nota ou, de ser o caso, sobre a media aritmética resultante de dúas probas.

Nestas probas preguntárase sobre contidos teóricos relacionados coa obra de lectura obrigatoria.

Ademais dos coñecementos lingüísticos e literarios, valorarase aspectos como a precisión nas respostas, a coherencia e a cohesión no discurso, a puntuación...

Establecerase unha penalización polas faltas de ortografía cometidas, descontándose 0,25 puntos por cada unha delas e 0,1 puntos por cada til incorrecta, ata un máximo de 2 puntos.

2. Avaliación do libro de lectura (entre os seleccionados pola ABAU):

En cada proba trimestral farase unha pregunta dun dos libros de lectura obrigatoria dentro de un ou dos dous exames, dependendo dos libros que tivesen sido traballados ata o momento. A lectura será preguntada da mesma forma que se fai no modelo de exame de ABAU e valorada coa mesma porcentaxe que se lle concede neste, é dicir, o 20% do total da nota da proba.

3. Textos obrigatorios: 20%

Valorarase o traballo diario tanto en clase como en casa. O profesor levará un control dos exercicios e das actividades propostas (comentarios de texto, presentacións orais...).

Prestarase unha especial atención á expresión oral e escrita coherente, adecuada e correcta, así como á presentación dos exames e traballos e á caligrafía. Os defectos a este respecto tanto en exames como en calquera tipo de traballo serán penalizados. Poderase descontar ata 0,25 puntos por cada falta de ortografía (incluídos acentos), caligrafía, ausencia de marxes, erros de expresión... ata un máximo de 2 puntos en cada traballo ou exame.

Considerarase aprobada **cada avaliación** cando o alumno obteña unha cualificación final igual ou superior a 5 puntos. Os alumnos cunha cualificación inferior a 5 puntos terán a posibilidade de realizar unha proba de recuperación ao finalizar o curso.

Polo que respecta á cualificación da **avaliación ordinaria**, a nota final da materia será a media aritmética das tres avaliacións. Considerarase superada a materia cando se obteña unha nota igual ou superior a 5.

Os alumnos que non superen a materia en xuño poderán realizar os exames da **avaliación extraordinaria**, que terán como contidos os mínimos do curso, incluíndo as lecturas obrigatorias. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Queda totalmente prohibido o uso de calquera mecanismo que poda inducir a copiar nun exame (chuletas, móbiles, reloxos intelixentes, pinganillos...) e o plaxio nos traballos presentados. Cando isto sexa detectado quedarán anulados automaticamente estes exames e/ou traballos, tendo o alumno/a que repetilos con posterioridade.

LECTURAS OBLIGATORIAS

(Seleccionadas por la ABAU):

1ª Avaliación: *La Fundación*, Antonio Buero Vallejo y *Crónica de una muerte anunciada*, Gabriel García Márquez.

2ª Avaliación: *El lector de Julio Verne*, Almudena Grandes.

3ª Avaliación: *Romancero gitano*, Federico García Lorca.

MATERIAIS CURRICULARES

MATERIAIS IMPRESOS

- Material realizado polo/a docente (apuntes, esquemas...).
- Material da biblioteca: tanto lecturas literarias como libros de consulta (diccionarios, enciclopedias, gramáticas...).
- Textos concretos para traballar os contidos das unidades didácticas.
- Libros de lectura obrigatoria seleccionados polo comité central.
- Material complementario de reforzo e ampliación.

Libro de texto : *Lengua Castellana y Literatura 2º Bachillerato*, Ed.ANAYA

Este manual recoméndase aos alumnos/as que, dadas as súas características, necesiten unha guía para preparar a materia.

MATERIAIS AUDIOVISUAIS

-Películas e adaptacións cinematográficas de novelas ou obras teatrais.

-Proxección de materiais para traballar a comprensión de textos orais.

5. REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Os alumnos de **ESO** con esta materia pendente de cursos anteriores serán informados, polos respectivos profesores da materia do curso no que se atoparen, dos requisitos que deben facer para recuperala.

Facilitaráselles material e orientacións para a preparación da materia e realizarán ao longo do curso exames de recuperación que coincidirán coas datas que para estes efectos sinale a XE. Para preparar a recuperación da materia poderán acudir pola tarde ao Centro no horario habilitado para recibir **clases de reforzo** que serán dunha hora para cada nivel (1º e 2º ESO).

Os contidos mínimos para recuperar estas materias serán os mesmos do curso correspondente e serán valorados sobre 10. Superarán a materia pendente aqueles alumnos que obteñan unha nota igual ou superior a 5 puntos.

Respecto os procedementos de cualificación para os alumnos que reciban as citadas clases de reforzo serán os que seguen, tendo en conta os esforzo de presentarse a estas sesións en horario extraescolar:

- Poderánse realizar as probas de contidos que así estime oportuno o profesor que estea impartindo a materia, sendo recomendable unha proba por trimestre. A valoración desas probas será sempre de 0 a 10 puntos.
- Aos alumnos/as que superen as citadas probas e teñan unha asistencia regular (ata un 10% de faltas sen xustificar) daráselle por superada a materia e non terán que asistir ás probas finais de pendentes fixadas por XE.
- O profesor das materias pendentes estará en todo momento coordinado co profesor da materia do grupo no que se atopa o alumno/a matriculado .
- O traballo de aula, a presentación dun posible caderno de traballo, a actitude do alumno diante da materia, o seu interese por aprender e mellorar terán unha valoración positiva que determinará ata un do 10% na nota final.
- En canto á ortografía terase en conta, á hora de avaliar os traballos e exames dos alumnos/as, un desconto de 0,10 por cada falta e , por cada til un desconto de 0,05 puntos ata un máximo de 2 puntos.

Os alumnos de **2º Bacharelato**, coa materia pendente de primeiro, serán informados polo profesor da materia de cando se lles realizará un exame extraordinario, que será realizado polo profesor da materia en coordinación coa XD, en datas anteriores e próximas á avaliación de maio, con anterioridade suficiente para seren cualificados e poder presentarse ás ABAU. Igual que na ESO, os contidos mínimos serán os xa fixados nesta programación. Superarán a materia aqueles alumnos que obteñan unha nota igual ou superior a 5 puntos.

Para facilitarlles a superación positiva da materia, dende este Departamento ofertaráselle a todos aqueles alumnos que así o desexen a posibilidade da realización de exames trimestrais, fundamentalmente centrados nos contidos literarios (dada a súa extensión e non relación cos de 2º), que se lles realizarán de maneira que non interfiran cos do seu nivel. Será o profesor encargado da materia o que determine cos alumnos/as as datas de realización destas probas.

Os alumnos de **ESA e Bacharelato de Adultos** seguirán as mesmas pautas de recuperación que os de diurno, sempre de acordo coa lexislación vixente. Será a profesora deste nivel a que se encargue do trato cos alumnos/as , sempre supervisado pola XD.

6. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A área de LCL é un espacio privilexiado para incorporar o tratamento dos temas transversais na práctica educativa.

Aínda que os temas transversais están continuamente presentes, o seu tratamento maniféstase en especial de dous modos:

- A través da selección de textos e o traballo con eles, posto que os estes ofrecen situacións que reflicten actitudes, valores e modos de pensar diferentes.
- Mediante suxerencias ao profesor para que guíe exposicións e debates orais e aproveite calquer outro elemento que permita reproducir na aula os temas, as vivencias e os valores do mundo exterior.

Aínda que todos os temas transversais están presentes no deseño da programación, no caso da área de LCL merecen un tratamento especial os seguintes:

Educación para a convivencia:

- O respecto á autonomía dos demais e o diálogo como modo de resolver os conflitos se traballan especialmente ó fío dalgúns temas como o debate, o coloquio ou a reclamación, e tamén nalgunhas lecturas.

Educación para a saúde:

- O concepto integral de saúde como benestar físico, psíquico, individual, social e medioambiental desarróllase a partir de temas do programa de vocabulario, como o corpo humano ou a saúde e a enfermidade. Asimesmo esta cuestión está presente nalgunhas lecturas.

Educación para a paz:

- Partindo da lectura de textos, ínvítase á reflexión sobre os mecanismos das sociedades totalitarias, e se transmiten valores como a non violencia, a tolerancia a resolución pacífica dos conflitos. Neste sentido, as actividades que se desenvolven dentro do programa de expresión oral, e moi especialmente as relacionadas con textos argumentativos, son un medio idóneo de transmisión destes contidos.

Educación do consumidor:

- Temas como a publicidade, a propaganda ou as reclamacións, e algunhas lecturas, fomentan unha actitude crítica e responsable ante o consumo e os mecanismos do mercado.

Educación non sexista:

- O tratamento deste tema transversal aparece en textos literarios e expositivos. Outro exemplo da presenza deste tema transversal é a atención hacia os usos discriminatorios da lingua.

Educación ambiental:

- A toma de conciencia sobre os problemas que afectan ó medio ambiente se desenvolve a partir de textos argumentativos e literarios.

Educación vial:

- Algúns textos xornalísticos ofrecen a posibilidade de desenvolver este tema transversal na aula.

7. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR

OBXECTIVOS XERAIS

- Mellorar as estratexias de comprensión lectora como recurso fundamental para o desenvolvemento do pensamento abstracto.
- Fomentar o gusto pola lectura de textos de calidade tanto de ficción como de información como fonte de coñecemento e deleite.
- Exercitar habilidades de procura de información en todo tipo de soportes.
- Adestrarse nas estratexias de recuperación e valoración da información para elaborar proxectos documentais integrados, e dicir, pequenos traballos de investigación nos que o alumnado traballa directamente coa documentación (independente do soporte) aprendendo a traballar autonomamente.
- Promover o uso das novas tecnoloxías da información como ferramentas de traballo.
- Capacitar ó alumno na procura de distintas fontes de información.
- Fomentar no alumnado o uso da biblioteca escolar e da biblioteca de aula.
- Desenvolver e consolidar o hábito de lectura no alumnado.

- Formar ó alumnado como lectores competentes, creativos e críticos.
- Incidir en distintas estratexias de comprensión lectora.
- Capacidade ó alumnado para avanzar na súa competencia de expresión escrita e oral.
- Fomentar no alumnado o gusto pola lectura como fonte de aprendizaxe permanente e de desenvolvemento persoal.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA

- Relacionar a literatura co seu contexto social e cultural.
- Fomentar o gusto pola literatura mediante actividades nas que o alumnado non sexa mero receptor senón que teña unha participación activa cun fin concreto. Isto levarase a cabo mediante as lecturas en voz alta, expresivas, dramatizadas, ante un auditorio.
- Fomentar o gusto pola literatura mediante a creación dun clube de lectura no que os alumnos intercambien as súas opinións de modo que se contribúa a valorar e respectar as opinións alleas non coincidentes cas propias.
- Ampliar os coñecementos dos alumnos/as en canto a literatura.

METODOLOXÍA E RECURSOS.

Traballarase tanto na aula como na biblioteca do centro, onde estarán dispoñibles varios exemplares de cada un dos libros que se propoñan como lecturas ós alumnos. Neste curso , dadas as Circunstancias COVID, o alumnado terá máis restrinxido o acceso á Biblioteca , pero facilitaráselle en todo momento o material que precisen adaptadas á nova normalidade de seguridade e protocolos.

En cada un dos cursos de ESO e Bacharelato os alumnos terán, de maneira obrigatoria, que ler unha ou varias obras por trimestre que será avaliada da forma que se especifica nas diferentes programacións.

Nalgúns casos procurarase que os alumnos /as teñan acceso aos textos online coas licencias oportunas adquiridas pola Biblioteca.

Participarase nas diferentes actividades que propoña o equipo coordinador da Biblioteca.

Adicarase unha hora semanal en 1º ESO (das catro de que costa esta materia) a lectura colectiva na aula. Nos demais cursos fomentárase tamén a lectura con diferentes recomendacións e textos.

O Departamento de Lingua castelá participará no proxecto do clube de lectura do instituto en colaboración co equipo da biblioteca e os departamentos de francés e filosofía.

ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN.

- Animación á lectura ca presenza online a través de videoconferencia de distintos autores dos libros propostos.
- Lectura silenciosa na aula e na casa.
- Lectura expresiva en voz alta na aula.
- Realización de distintas actividades propostas nas distintas guías de lectura de cada libro.
- Participación dos alumnos nas actividades que se programen na Biblioteca para os diferentes grupos.
- Lectura na aula dos libros propostos: en 1º ESO, unha hora á semana e en 2º ESO media hora á semana.

ACORDOS TOMADOS COS CENTROS DE PRIMARIA ADSCRITOS AO INSTITUTO:

En reunións feitas cos titores e coas orientadoras dos centros de primaria adscritos en cursos anteriores, tomáronse unha serie de acordos:

No que respecta á nosa materia, acordouse sobre todo centrarse en primaria na lectura e na escritura así como na comunicación oral. Fíxose fincapé no feito de que os alumnos chegan cun nivel baixo nas competencias comunicativas básicas. Determinouse restarlle peso ós contidos gramaticais e traballar a lectura e a escritura de todo tipo de textos, así como traballar os discursos orais.

No primeiro curso da ESO seguirase traballando a competencia comunicativa, a lectura, a escritura e o discurso oral. E se irán incorporando progresivamente contidos gramaticais (morfoloxía en 1º e sintaxe tamén en 2º).

8. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DAS TIC

O uso das TIC pon a disposición de profesores e alumnos grandes volumes de información, que utilizan diversos canais sensoriais á vez. Permiten, á súa vez, configurar entornos virtuais compartidos como o emprego dos blogs, wikis ou a plataforma Moodle; a práctica desaparición das restriccións de tempo e o acceso remoto facilitan a comunicación permanente entre usuarios e, con elo, a cooperación e construción conxunta de coñecementos. Tamén favorecen o desenvolvemento dalgunhas destrezas e habilidades, difíciles de lograr cos medios tradicionais, tales como as que permiten buscar, seleccionar, organizar e manexar nova información e a autonomía no proceso de aprendizaxe. A materia de LCL acercará ó alumno ás novas tecnoloxías por diversos procedementos:

- Utilización dos recursos informáticos do Centro seguindo as pautas xa establecidas doutros cursos de solicitude de aulas de Informática, Usos Múltiples y Audiovisuais.
- Participación, **na medida do posible e respectando a temporalización do emprego das aulas informatizadas, no Proxecto de Mellora da Biblioteca** mediante o manexo de información en Internet e o uso de procesadores de texto.
- Estudo asistido por ordenador de contidos conceptuais e procedimentais do currículo da área, tales como: morfosintaxis, autocorrección de ortografía, *actividades* de expresión escrita, uso do dicionario on line e realización de actividades variadas en unidades didácticas completas.

Dentro das accións previstas dacordo ao plan de integración das TIC o Centro ten previsto dar unha formación intensiva aos alumnos/as nas primeiras semanas do curso para que , en caso dunha situación adversa de confinamento provocado polo COVID 19, poidan desenvolverse con case total normalidade as actividades da materia . Intentarase colaborar nesta formación detectando, en primeiro lugar, aos alumnos/as que non teñen dispoñibilidade de medios informáticos e solucionalo; en segundo lugar, colaborar co equipo formador en TICs para que os alumnos/as teñan a formación básica á hora de utilizar a Aula virtual do Centro, enviar un correo electrónico, buscar información sobre a materia na páxina Virtual , Web , usos de class room, etc

Dadas as características do alumnado de 1º e 2º, con evidentes necesidades de reforzar a ortoloxía, a caligrafía, a ortografía e presentación de escritos, este Departamento considera importante incidir no traballo específico manual como paso previo ao dominio de TIC. Por outra banda, a integración das TIC

na área de *Lingua Castelá e Literatura* e ao longo das súas diferentes etapas e niveis educativos é un proceso que avanza constantemente ano a ano. A proba irrefutable a aportan os diferentes materiais de traballo entregados polos estudantes, que manexan os recursos da rede para buscar información e tratala cada ano con maior pericia e cotidianeidade, pero a niveis máis altos. Unha das intencións deste Departamento é continuar avanzando no que xa está feito:

1. A nosa actividade dependerá **dos espazos destinados aos ordenadores e a súa disponibilidad horaria** á hora de introducir o manexo das TIC na temporalización e secuenciación dos contidos.

2. **Avanza a dotación informatizada de aulas.** As aulas do IES Armando Cotarelo Valledor constan dun cañon proxector co a súa correspondente pantalla reflectora, pero esto supón a utilización das TIC polo profesor, non polos alumnos.

3. A nosa actividade didáctica contemplará a participación nas actividades propostas pola **Biblioteca del Centro.**

Son estes motivos polos que este Departamento recomenda aos seus alumnos a visita das páxinas web que se relacionan a continuación para completar, nos traballos e actividades que se lles recomendan, a actividade docente das aulas:

Bibliotecas:

<http://www.uned.es/biblio/biblio.htm>

<http://www.ucm.es/BUCM/>

<http://www.cervantesvirtual.com/catalogo/index.jsp>

<http://busc.usc.es/>

<http://webs.uvigo.es/servicios/biblioteca/>

<http://www.udc.es/biblioteca/galego/index.htm> **Dicionarios:**

<http://www.rae.es/rae.html>

<http://www.elmundo.es/diccionarios/>

<http://www.diccionarios.com/>

Revistas Dixitais (Crítica):

<http://www.lehman.cuny.edu/ciberletras>

<http://www.geocities.com/Athens/5662/publics.htm>

<http://www.ucm.es/info/especulo>

<http://parnaseo.uv.es/Lemir/Revista.html>

<http://www.cervantina.org>

Lingua Castellana Asociación de Academias da Lingua Española:

<http://asale.org/ASALE/Index>

Proxecto de Aula:

<http://lenguayliteratura.org/interactivos/>

Ortografía:

<http://www.reglasdeortografia.com/>

<http://roble.pntic.mec.es/~msanto1/ortografia/>

Ortografía cantada:

<http://ortografiacantada.com/>

Lingua española:

<http://www.geocities.com/szamora.geo/>

<http://www.eldigoras.com/>

<http://www.memo.com.co/fenonino/aprenda/castellano/castellano.html>

<http://www.learn-spanish-online.com/ejercicios/>

<http://centros5.pntic.mec.es/cpr.de.ciudad.real/lengua/esquemas.htm>

Cuadraginta: creatividad na aula: <http://www.quadraginta.org/index.htm>

Lingüística. **Esquemas:**

<http://www.amerschmad.org/spanish/gram/inicio.htm> **Flexionador e lematizador de palabras do español:**

<http://www.gedlc.ulpgc.es/investigacion/scogeme02/lematiza.htm>

Enlaces interesantes:

http://cvc.cervantes.es/oteador/default.asp?l=2&id_rama=132&ct=catalogo132

Lingua e Literatura:

<http://www.vicentellop.com/>

<http://www.terra.es/personal6/bardonmanuela/>

<http://roble.pntic.mec.es/~msanto1/lengua/>

Conxugación de verbos:

<http://www.verblog.com/>

Selectividade:

Madrid: <http://mimosa.pntic.mec.es/~ajuan3/>

Galicia: <http://ciug.cesga.es/>

Literatura:

<http://www.rinconcastellano.com/>

<http://www.auldadeletras.es.vg>

<http://parnaseo.uv.es>

<http://members.tripod.com/luisedwin>

Orientación a la lectura:

<http://www.sol-e.com/index.php>

Prensa na rede:

<http://www.elpais.es>

<http://www.el-mundo.es>

<http://www.abc.es>

Literatura ESO (Con Hot Potatoes):

<http://alerce.pntic.mec.es/jinm0000/index.htm>

Historia da Literatura Española:

http://www.virtual-spain.com/literatura_espanola.html **Apontamentos de**

Literatura:

<http://www.educaguia.com/ApuntesLiteratura/ApuntesLiteratura5.htm>

Textos para a aula:

<http://centros5.pntic.mec.es/cpr.de.ciudad.real/Textos/Lista.htm>

Diccionario literario:

http://www.proyectosalohogar.com/Diversos_Temas/Diccionario_Literario_I_Z.htm

Retórica: <http://retorica.librodenotas.com/>

Enlaces interesantes:

http://cvc.cervantes.es/oteador/default.asp?l=2&id_rama=147&ct=catalogo147

<http://club.telepolis.com/pedrofelipe/lenguaindice2html>

<http://kalipedia.es>

Libros virtuais:

<http://ediciones.virtuales.org/>

<http://www.ciudadseva.com/bdcs/bdcs.htm>

http://www.cervantesvirtual.com/bib_mundo/biblioteca_mundo.shtml

<http://www.bibliotecasvirtuales.com/>

<http://mgarci.aas.duke.edu/cibertextos/>

9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

O grado de implicación por parte do profesorado pertencente ó departamento de Lingua Castelá e Literatura ante o Plan de convivencia establecido neste centro intenta ser o máximo. Desta forma, a pesar da relativa liberdade que cada profesor adquire dentro da aula, desde este departamento inténtanse solucionar os posibles conflitos xurdidos na mesma sen ter que chegar a medidas extremas como partes de conduta (leves ou graves) ou mesmo a expulsión á aula de convivencia. Para iso remitimos ás medidas de corrección alternativas suxeridas no Plan de Convivencia deste centro:

- Apercebemento oral público ou privado.
- Notificacións a través da axenda.
- Cambio de lugar na aula.
- Folla de reflexión.
- Castigo sen parte do recreo.
- Chamada por teléfono a casa.

Fóra da aula, a contribución deste departamento volve a remitir ó Plan do centro no referente ás actuacións para evitar que o alumnado permaneza sen autorización previa en zonas do IES que non lle corresponda de acordo co seu horario:

- O alumnado, chegue á hora que chegue ao centro, ten a obriga de entrar na súa aula. Se o profesor/a non quere deixalo entrar terá que enviálo á Aula de Convivencia con traballo e un parte.
- Ao inicio e na metade de cada hora de clase, o profesorado de garda fará roldas polo centro para enviar ás aulas correspondentes a aqueles alumnos/as que estean fóra delas (nos corredores, patio, baños, biblioteca...). Os titores/as serán informados polo profesorado de garda para que tomen algunha medida de corrección.

- Se a estadia nestes espazos ou fóra do centro (abandono do recinto escolar sen autorización) é reiterativa será necesario que tanto os titores/as como a Xefatura de Estudos concreten os casos, os examinen e traballen con eles dun xeito individualizado.

Punto aparte merece a función do profesor como mediador de conflitos interraciais, sexistas.

Neste curso, debido a situación de nova normalidade COVID19, este departamento contribuirá na medida das súas posibilidades a que o plan establecido polo Equipo Directivo e o equipo COVID do Centro se leve a cabo para un desenvolvemento efectivo do curso.

10. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

- Dada a situación de excepcionalidade COVID19, plantexarase e avaliarase se procede programar actividades que conleven a saída do Centro e a agrupación numerosa de alumnos/as en lugares pechados.
- Poderase organizar algunha actividade relacionada con esta materia e /ou coordinada con algún outro Departamento e o equipo da Biblioteca (do que formamos parte membros deste Departamento), para conmemorar o día do Libro.
- De igual forma, intentarase realizar o “**Concurso de relato literario**”. Actividade que organizamos por niveis e que , polo de agora, ten resultados bastante satisfactorios.
- Levaranse a cabo, na medida na que as editoriais así o faciliten, conferencias online e presenciais (se fose compatible pola nova normalidade) con autores dos libros de lectura propostos neste curso.

11. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

A presente programación será vixente durante o período escolar 2021-2022, agás que determinen o contrario as autoridades académicas competentes.

As revisións do grado de cumprimento dos obxectivos propostos, secuenciación e adecuado ritmo na temporalización dos contidos realizarase cunha periodicidade mensual a través das distintas reunións de departamento que se vaian facendo ó longo deste curso académico.

Desta forma os criterios que se terán en conta para ser avaliados serán:

- Se os obxectivos e contidos son expostos con claridade e son adecuados ao nivel educativo. Así como a pertinencia dos contidos mínimos.
- Se as secuenciacións son correctas e realistas.
- A concisión nos plantexamentos metodolóxicos.
- Se os criterios e procedementos de avaliación están correctamente relacionados con contidos e se existe adaptación á diversidade do alumnado.
- A suficiencia dos materiais metodolóxicos e recursos didácticos empregados.
- Se aparecen reflexados todos as accións educativas relacionados coa educación global do alumnado existentes no centro: contribucións ao Proxecto lector, Plan TIC, Plan de convivencia...